

1

PANORAMA ECONÓMICO

- 1.1.- **Contexto económico xeral**
- 1.2.- **Cadro macroeconómico de Galicia**
- 1.3.- **Poboación**
- 1.4.- **Proceso de converxencia**

No ano 2008 rexístrase unha importante desaceleración no ritmo de crecemento da actividade económica dos principais países. O PIB mundial experimentou unha medra do 3,4%, sendo esta porcentaxe do 1% no conxunto das economías avanzadas. China e India lideran a medra dos países emerxentes e en desenvolvemento, cun 9% e 7,3%, respectivamente, situándose a taxa de variación interanual do PIB dos países da zona euro no 0,9% e a dos Estados Unidos, no 1,1%.

A economía española experimentou en 2008 unha taxa de crecemento medio interanual do seu PIB real do 1,2%, dous puntos e medio por baixo da estimada no exercicio precedente. Os valores negativos das taxas de variación intertrimestrais rexistrados no terceiro e cuarto trimestre do ano indican que a economía española entrou nunha fase de recesión económica. En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar que a demanda interna deixa de ser o principal motor de crecemento, cunha achega de tan so unha décima (4,3 puntos menos que en 2007), así como as fortes caídas experimentadas tanto no sector da construción como no conxunto das ramas industriais.

Ante o incremento da inestabilidade do sistema financeiro internacional e a perda de confianza, os representantes das principais economías se reuniron en Washington co obxectivo de dar unha saída coordinada á crise. Entre as principais conclusións deste cumio cómpre salientar o acordo de apoiar ao sistema financeiro, co establecemento duns principios básicos para a súa reforma, e o compromiso de resistir ás presións proteccionistas. Neste contexto, o Consello Europeo aprobou un Plan de Recuperación Económica Europea, co obxectivo de promover o investimento público e o gasto das empresas, e as autoridades españolas acordaron no mes de novembro a creación dun Fondo Estatal de Inversión Local e dun Fondo Especial do Estado para a dinamización da Economía e o Emprego orientado a sectores estratéxicos.

A economía galega experimentou no último ano unha importante desaceleración no seu ritmo de crecemento, cunha medra interanual media do 1,8%, 2,2 puntos menos que no ano anterior. Ao igual que acontece nas economías do seu entorno, esta minoración da actividade produtiva faise máis acusada a medida que avanza o ano, acadando unha taxa de crecemento interanual do 0,3% no derradeiro trimestre de 2008 (3,7% na mesma data do ano anterior). En termos intertrimestrais, o cuarto trimestre do último ano presenta un descenso do 0,2% respecto ao trimestre anterior, o que sitúa á economía galega ás portas da recesión.

Ao igual que acontece no conxunto do Estado, a demanda interna deixa de ser o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB agregado de oito décimas (5,3 puntos en 2007). Tras esta caída, o sector exterior, que en 2007 detraía 1,3 puntos ao crecemento do PIB, ten unha contribución positiva de un punto porcentual. Dende á óptica de oferta, hai que destacar que todos os sectores de actividade, agás o sector servizos, presentaron en 2008 unha taxa de variación interanual negativa.

Neste clima de incerteza e desaceleración económica, o último ano caracterizouse non só polo elevado ritmo de incremento do desemprego, especialmente no segundo semestre do ano, senón tamén polo mantemento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas. ■

1.1.- Contexto económico xeral

A aparición de “agudas tensións financeiras”, que se trasladaron rapidamente aos sectores reais das economías máis desenvolvidas, fixo que o produto interior bruto mundial experimentase no ano 2008 unha nova desaceleración no seu ritmo medio de crecemento, que se situou no 3,4%, sendo esta porcentaxe do 1% no caso das economías avanzadas. As estimacións do Fondo Monetario Internacional indican que tanto o conxunto das economías emerxentes e en desenvolvemento como China e India sufriron a devandita ralentización, se ben as súas taxas de crecemento son moito máis elevadas, acadando o 9% en China, o 7,3% na India ou o 6,3% no caso das economías emerxentes.

A economía española experimentou en 2008 unha taxa de crecemento interanual do seu PIB real do 1,2%, dous puntos e medio por baixo da estimada no exercicio precedente, situándose este porcentaxe novamente por riba do estimado para o conxunto da economía europea (0,9%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar que a demanda interna deixa de ser o principal motor de crecemento, cunha achega de tan so unha décima (4,3 puntos menos que en 2007), así como as fortes caídas experimentadas tanto no sector da construción como no conxunto das ramas industriais.

Ante o incremento da inestabilidade do sistema financeiro internacional e para facer fronte á elevada perda de confianza, os xefes de Estado e de Goberno das principais economías reuníronse a mediados de novembro en Washington para dar unha saída coordinada á crise internacional. O cumio concluíu co acor-

do de apoiar ao sistema financeiro, co establecemento duns principios básicos para a súa reforma e o compromiso de resistir ás presións proteccionistas. Neste contexto, e para o ámbito europeo, cómpre salientar a aprobación por parte do Consello Europeo dun *Plan de Recuperación Económica Europea*, co obxectivo de promover o investimento público e o gasto das empresas. En España, o goberno central aprobou no mes de novembro a creación dun *Fondo Estatal de Inversión Local*, destinado ao financiamento de investimentos xeradores de emprego no ámbito municipal, e a creación dun *Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego* orientado a sectores estratéxicos, para acometer proxectos que teñan impacto no emprego.

Panorama económico internacional

A economía internacional experimentou un importante proceso de desaceleración, e recesión nalgúns casos, provocada por unha forte crise financeira e un grave deterioro de confianza. No último ano, o crecemento medio anual da economía mundial foi do 3,4% respecto ao ano precedente, sendo esta taxa de variación do 1% no caso das economías avanzadas. Esta desaceleración tamén afectou aos países emerxentes e en desenvolvemento, aínda que manteñen un crecemento medio anual do 6,3%, situándose a taxa de variación interanual no 9% e no 7,3% no caso de China e India, respectivamente.

Este enfriamento da economía internacional coincidiu cunha forte redución das presións inflacionistas a partir de medidos de ano, que é cando se acadan os

Economía internacional 2007-09: evolución dos principais indicadores

	2007	2008	2009 (P)	2008 trim. IV
	(taxa de crecemento interanual)			
Produto Interior Bruto real				
Economía mundial	5,2	3,2	-1,3	0,2
Economías avanzadas	2,7	0,9	-3,8	-1,7
EE.UU.	2,0	1,1	-2,9	-0,8
Xapón	2,4	-0,6	-6,2	-4,3
Unión Europea	3,1	1,1	-4,0	
Zona Euro	2,7	0,9	-4,2	-1,4
Francia	1,5	0,2	-3,5	
Italia	0,8	-1,8	-5,2	
Alemaña	2,6	1,4	-5,5	
Países emerxentes e en desenvolvemento	8,3	6,1	1,6	3,3
China	13,0	9,0	6,5	6,8
India	9,3	7,3	4,5	4,5
Demanda interna real total				
Economías avanzadas	2,3	0,4	-3,3	-1,6
EE.UU.	1,4	-0,3	-3,3	-1,9
Xapón	1,3	-0,8	-2,9	-1,6
Zona Euro	2,4	0,9	-2,9	-0,1
Francia	3,0	1,0	-2,0	
Italia	1,4	-1,7	-3,3	
Alemaña	1,1	1,7	-3,0	
Gasto en consumo privado				
Economías avanzadas	2,5	0,6	-1,4	
EE.UU.	2,8	0,2	-0,9	
Xapón	0,7	0,5	-1,0	
Zona Euro	1,6	0,5	-1,3	
Francia	2,4	1,3	-0,4	
Italia	1,2	-0,9	-1,9	
Alemaña	-0,4	-0,1	-1,1	
Gasto en consumo público				
Economías avanzadas	2,2	2,4	2,6	
EE.UU.	1,9	2,8	2,4	
Xapón	2,0	0,9	2,3	
Zona Euro	2,3	2,0	2,3	
Francia	1,3	1,3	1,7	
Italia	1,0	0,6	1,0	
Alemaña	2,2	2,0	3,1	
Formación bruta de capital				
Economías avanzadas	2,0	-1,8	-12,5	
EE.UU.	-2,0	-3,5	-14,5	
Xapón	1,1	-4,6	-10,7	
Zona Euro	4,3	0,7	-11,2	
Francia	5,0	0,5	-5,1	
Italia	2,0	-3,0	-14,9	
Alemaña	4,3	4,4	-12,6	
IPC (medias anuais)				
Economías avanzadas	2,2	3,4	-0,2	
EE.UU.	2,9	3,8	-0,9	
Xapón	0,0	1,4	-1,0	
Zona Euro	2,1	3,3	0,4	
Francia	1,6	3,2	0,5	
Italia	2,0	3,5	0,7	
Alemaña	2,3	2,8	0,5	
Países emerxentes e en desenvolvemento	6,4	9,3	5,7	
China	4,8	5,9	0,1	
India	6,4	8,3	6,3	
Taxa de desemprego				
Economías avanzadas	5,4	5,8	8,1	
EE.UU.	4,6	5,8	8,9	
Xapón	3,8	4,0	4,6	
Zona Euro	7,5	7,6	10,1	
Francia	8,3	7,8	9,6	
Italia	6,1	6,8	8,9	
Alemaña	8,4	7,3	9,0	

Fonte: Fondo Monetario Internacional

incrementos máis elevados. A inflación media anual sitúase no 3,4% no conxunto de economías avanzadas, estimándose unha caída dos prezos do 0,2% no ano 2009.

No que atinxe á evolución da actividade produtiva nos **Estados Unidos**, o PIB medrou un 1,1% respecto ao ano anterior, nove décimas menos que no ano precedente. Con todo, cómpre salientar que no derradeiro trimestre do ano a taxa de crecemento interanual presenta unha caída do 0,8% (-1,7% no conxunto das economías avanzadas). Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real se contrae un 0,3%, consecuencia dun descenso do investimento (3,5%) que supera o incremento de dúas décimas do consumo privado e de case tres puntos do consumo público.

O índice de prezos ao consumidor medio anual en 2008 creceu un 3,8%, nove décimas máis que no ano anterior, estimándose para o ano 2009 unha caída de case un punto porcentual. Asemade, cómpre salientar que a desaceleración económica provocou unha medra da taxa de paro, que se sitúa no 5,8%, 1,2 puntos máis que no ano 2007.

Polo que respecta á **zona euro**, as principais economías manifestan unha importante ralentización nos seus niveis de actividade. Se no ano 2007 o produto xerado polo conxunto dos países desta área económica medrara un 2,7% respecto ao ano anterior, en 2008 esta taxa de crecemento situouse no 0,9%, dúas décimas menos que na UE-27. A pesar da forte minoración da demanda interna real, e a diferenza do acontecido no caso dos Estados Unidos, esta presenta

unha medra do 0,9%, aumentando tanto o consumo como a formación bruta de capital.

As estimacións do FMI reflicten que as economías alemaña e francesa presentan no último ano un crecemento de 1,3% e 0,7%, respectivamente, e que a economía italiana se contrae un 1% respecto ao ano precedente. Cómpre salientar que Irlanda, despois dunha medra do 6% en 2007, presenta unha taxa de crecemento interanual do seu PIB real do 2,3%, estimándose un descenso do 8% para o ano 2009.

O desemprego na zona euro mantense practicamente constante no nivel do ano anterior, situándose case dous untos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. En 2008 a taxa de paro nos países do euro ascendeu ata o 7,6%, rexistrándose a taxa máis elevada en España, cun 11,3%, e a máis baixa en Holanda, cun 2,8%.

A diferenza do acontecido no conxunto dos países da UE, nos da zona euro ou os Estados Unidos, a actividade produtiva de **Xapón** experimentou no derradeiro ano unha contracción do 0,6% respecto ao ano anterior, no que o seu PIB medrara un 2,4%. No cuarto trimestre do ano, a taxa de variación interanual caeu un 4,3%, 2,6 puntos por riba do descenso estimado no conxunto das economías avanzadas.

Co obxectivo de atopar unha saída coordinada á crise económica, os xefes de Estado e de Goberno das principais economías desenvolvidas e emerxentes reuníronse en Washington a mediados de novembro, acordando apoiar ao sistema financeiro co establecemen-

Plan de Recuperación Económica Europea

Este Plan, adoptado polo Consello Europeo o 12 de decembro de 2008, concíbese como un marco conxunto de actuación onde se determinan tanto as accións que se levarán a cabo a nivel comunitario como os principios básicos que deberían cumprir as medidas concretas dos distintos Estados Membros.

O investimento das institucións europeas, que ascende a 30 billóns de euros, o 0,3% do PIB comunitario, irá destinado a incrementar a capacidade financeira do BEI nos próximos dous anos, co obxectivo financiar proxectos de investimento en infraestruturas

enerxéticas, de transporte e telecomunicacións.

O importe total das medidas a desenvolver nos distintos países ascende ata os 170 millóns de euros aproximadamente, o que significa o 1,2% do PIB da UE. O Plan indica a conveniencia de que as medidas de impulso social que cada país adopte teñan en consideración a situación das súas finanzas públicas. Asemade, sinala que deberán aplicarse medidas que teñan impacto a curto prazo, de carácter transitorio e que se localicen nos sectores e segmentos de poboación máis afectados pola crise econó-

Medidas de apoio á economía real adoptadas nos países da Unión Europea ⁽¹⁾

	Magnitude total		Distribución porcentual fondos			Outras medidas	
	(en billóns €)	(en % PIB)	Fogares	Empresas e sectores	Investimento público	Facilidades e/ou garantías crédito ás empresas	Políticas de emprego
Zona Euro	97	1,0	35	33	32	Sí	Sí
Alemaña	35	1,4	56	15	29	Sí	Sí
Francia	26	1,3	8	52	40		Sí
Italia ⁽²⁾	6	0,3	63	25	12		
España	20	1,9	17	44	39	Sí	Sí
Holanda	1	0,2	18	82	-	Sí	Sí
Reino Unido	20 ⁽³⁾	1,0	80	4	16	Sí	Sí

(1) a estimación da magnitude reflicte o impacto presupostario das medidas anunciadas para o ano 2009. Só incorporan as medidas anunciadas ata o 19 de xaneiro de 2009 para as que se dispón de cuantificación baseada en fontes oficiais.

(2) inclúense as medidas aprobadas no Decreto Lei de 29 de novembro de 2008, aínda que o seu impacto orzamentario será limitado, ao financiarse on incrementos de impostos ou ellora na recadación.

(3) en libras

Fonte: *Banco de España*

mica, onde os multiplicadores fiscais son máis elevados.

Os plans contemplan outras medidas sen impacto directo no orzamento, como poden ser a dotación de fondos destinados a garantir os créditos concedidos ás pemes ou ás pertencentes a sectores estratéxicos que, no contexto actual, ven limitado o seu acceso ao crédito. Asemade, incorporan tamén iniciativas orientadas a facilitar a incorporación de persoas desempregadas ao mercado de traballo e a mellorar o seu financiamento.

Tal e como reflicte o Banco de España no seu boletín económico de xaneiro de 2009, o importe das medidas anunciadas ata o 19 de xaneiro deste ano representa aproximadamente o 1% do PIB comunitario. Aínda que no conxunto da zona euro os fondos se distribúen de xeito similar entre os fogares, as empresas e o impulso do investimento público, en países como Holanda, España e Francia, o núcleo das medidas fiscais concéntrase no estímulo da actividade empresarial e do investimento público.

to duns principios básicos para guiar a súa reforma e resistir ás presións proteccionistas. No ámbito europeo, o 12 de decembro de 2008 o Consello Europeo adoptou o **Plan de Recuperación Económica Europea**, que ten como obxectivo inmediato destinar en torno a 200 billóns de euros (1,5% do PIB comunitario) a promover o investimento público e o gasto das empresas e das familias a curto prazo. Asemade, inclúe unha serie de recomendacións de reforma estrutural enmarcadas na Estratexia de Lisboa.


Panorama económico de España

A economía española atopouse ao finalizar o ano 2008 ante unha importante recesión económica, tal como indican os valores negativos das taxas de variación intertrimestrais rexistrados no terceiro e cuarto trimestre do ano. O **cadro 1.1.2.** amosa a evolución das devanditas taxas, que se sitúan no -0,2% e -1%, respectivamente.

No conxunto do ano 2008, o produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou un crecemento interanual do 1,2%, dous puntos e medio por baixo do estimado en 2007. Os datos trimestrais indican o continuo deterioro da medra da actividade produtiva no conxunto o Estado, rexistrándose incluso un decrecemento da mesma no derradeiro trimestre de 2008 (-0,7%).

Dende a perspectiva do gasto, no último exercicio mantense a continuidade nas traxectorias da achega da demanda nacional e externa ao crecemento agregado do PIB, se ben dun xeito máis acusado que o rexistrado

Evolución trimestral do PIB en Galicia e España 2006-08



(1) PIB a prezos de mercado. Datos corregidos de efectos estacionais e de calendario
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e do INE

1.1.2.

no ano anterior. Dunha banda, a demanda interna deixa de ser o motor de crecemento da economía española, cunha contribución de tan só unha décima, 4,3 puntos menos que no ano precedente, por mor da caída do investimento e da desaceleración do gasto en consumo final. Doutra, a demanda externa contribuíu en 1,1 puntos á medra do PIB, 1,8 puntos máis que no ano anterior, debido tanto ao decrecemento das importacións como a desaceleracións das exportacións.

A demanda de investimento en capital fixo descendeu no conxunto do ano 2008 un 3% cando no ano anterior esta aumentara máis dun cinco por cento. Tal e como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.3.**, esta caída explicase pola evolución tanto do investimento en construción como en bens de equipo, con descensos do 5,3% e 1,1%. A evolución intraanual amosa que a desaceleración iniciada no ano anterior rexistra crecementos negativos a partir do segundo trimestre do

PIB en España 2007-08: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2007	2008	2007				2008			
			trimestres				trimestres			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
Gasto en consumo final	3,8	1,4	4,2	4,3	3,5	3,3	2,4	1,8	1,4	-0,1
Gasto en consumo final dos fogares	3,4	0,1	3,8	4,1	3,0	2,9	2,0	0,8	-0,2	-2,3
Gasto en consumo final das ISFLSH	4,6	3,6	5,1	4,4	4,6	4,2	3,8	3,7	3,1	3,7
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,9	5,3	5,3	5,0	4,8	4,4	3,7	5,0	6,1	6,3
Formación bruta de capital fixo	5,3	-3,0	6,6	5,8	4,6	4,5	2,4	-0,8	-4,1	-9,3
Bens de equipamento	10,0	-1,1	13,3	11,3	8,5	7,1	5,2	1,8	-1,3	-9,7
Construción	3,8	-5,3	5,1	4,2	3,3	2,9	0,2	-3,1	-7,3	-10,9
Outros produtos	3,9	1,9	2,4	3,7	3,6	6,0	5,9	3,2	2,5	-3,7
Variación de existencias (2)	-0,1	0,0	-0,1	-0,1	-0,1	0,0	0,1	0,1	0,0	0,0
Demanda interna (2)	4,4	0,1	5,1	4,9	3,9	3,8	2,6	1,2	-0,2	-3,0
Exportacións de bens e servizos	4,9	0,7	3,3	3,9	8,2	4,0	4,8	4,4	1,5	-7,9
Exportacións de bens	4,3	0,9	2,5	4,0	6,0	4,6	4,9	5,3	3,4	-10,0
Exportacións de servizos	6,2	0,3	5,0	3,7	13,1	2,9	4,6	2,6	-2,4	-3,5
Importacións de bens e servizos	6,2	-2,5	6,1	6,2	7,6	4,9	3,6	1,8	-2,0	-13,2
Importacións de bens	4,9	-2,7	5,3	4,9	5,7	3,5	4,1	2,0	-2,4	-14,4
Importacións de servizos	11,8	-1,7	9,4	11,4	15,7	10,8	1,7	0,9	-0,5	-8,7
PIB a prezos de mercado	3,7	1,2	4,0	3,9	3,6	3,3	2,7	1,8	0,9	-0,7
Ramas agraria e pesqueira	3,0	-0,6	4,6	2,5	2,8	2,1	1,1	-0,1	-0,5	-2,7
Ramas enerxéticas	0,8	1,9	0,2	1,1	0,2	1,7	1,6	3,5	2,5	0,0
Ramas industriais	2,8	-2,7	4,1	3,1	2,9	1,0	0,0	-2,2	-2,9	-5,5
Construción	3,5	-3,3	3,8	4,3	3,1	2,8	1,5	-2,0	-4,6	-8,0
Ramas dos servizos	4,6	3,1	4,5	4,6	4,3	4,8	4,0	3,7	2,9	1,7
servizos de mercado	4,6	2,6	4,6	4,7	4,3	4,8	4,0	3,4	2,3	0,7
servizos de non mercado	4,4	4,8	4,2	4,3	4,3	4,7	4,1	4,7	5,1	5,5
Impostos netos sobre os produtos	0,7	-0,1	1,6	1,4	1,5	-1,5	0,5	0,3	-0,1	-0,9
IVE que grava os produtos	2,8	0,6	3,3	3,3	2,6	1,9	1,6	1,2	0,2	-0,8
Impostos netos sobre prod. importados	3,3	-10,4	2,7	2,8	5,4	2,2	-1,3	-5,1	-14,3	-20,9
Outros impostos netos sobre os produtos	-2,3	-0,5	-1,0	-1,4	-0,1	-6,6	-1,0	-0,9	0,2	-0,3

(1) datos corregidos de efectos estacionais e de calendario, taxas de variación interanual; prezos constantes de 2000.

(2) contribución ao crecemento agregado do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

1.1.3.

ano, sendo especialmente significativos no terceiro e cuarto trimestres.

Respecto ao gasto en consumo final, cómpre salientar a forte moderación do gasto das familias, que pasa dun incremento do 3,4% en 2007 a un 0,1% en 2008, así como o incremento do gasto público, cunha medra do 5,3%, catro décimas máis que no ano anterior. Os datos trimestrais amosan como o gasto dos fogares galegos acada taxas positivas no primeiro semestre e negativas no segundo, así como medras superiores ao

6% no segundo semestre do ano no caso do gasto público.

No que atinxe ao sector exterior, despois dunha medra do 6,2% en 2007, no último ano as importacións descendieron no conxunto de España un 2,5%, mentres que as exportacións medraron en 2008 un 0,7%, máis de catro puntos por baixo do rexistrado no ano anterior. Se analizamos os datos trimestrais cómpre salientar o forte descenso no cuarto trimestre tanto das importacións como das exportacións, cunha

Índices de competitividade de España fronte á zona euro, UE-27 e novos países industrializados de Asia 2005-08

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2005	107,2	104,9	107,6	107,0	104,8	106,6	120,3	111,1
2006	108,8	106,3	110,2	108,5	106,0	108,9	118,7	109,4
2007	109,7	106,4	111,5	109,2	106,1	109,9	124,0	114,1
2008	110,8	107,9	112,5	111,9	108,5	112,2	130,1	118,4

(1) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: Banco de España

1.1.4.

caída do 13,2% e 7,9%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar que no derradeiro ano a economía española volve a perder competitividade, tanto en termos de prezos ao consumo como en termos de custos laborais unitarios, fronte á UE-27, os países da zona euro e fronte aos novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.4.**)

Dende o lado da oferta, os aspectos máis destacables son, dunha banda, a desaceleración experimentada no conxunto das ramas dos servizos; por outro, o feito de que a construción e as ramas industriais son os sectores que concentran as maiores caídas nos seus niveis de actividade.

O sector servizos experimentou no ano 2008 unha medra do 3,1%, punto e medio por baixo da rexistrada no ano anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos servizos de mercado, que presentan unha desaceleración uniforme ao longo de todo o ano, acadando 2008 cunha taxa de variación interanual do 2,6%, dous puntos menos que no ano precedente. Por

contra, os servizos de non mercado aceleraron o seu ritmo de crecemento, cunha medra media anual do 4,8%, catro décimas máis que no ano anterior.

A actividade industrial continuou a desaceleración mantida no ano anterior e a partir do segundo trimestre de 2008 rexistra taxas negativas de crecemento que cada vez se fan máis acusadas. En termos medios, a actividade manufactureira descendeu un 2,7%, cando no ano anterior experimentara unha medra do 2,8%.

O sector da construción foi o que presentou a maior caída do seu nivel de actividade, cun descenso do VEB do 3,3% (medrara un 3,5% no ano anterior). Esta rama de actividade presenta unha tendencia similar á industria no xeito en que se mantén a desaceleración da actividade económica no primeiro trimestre do ano, contraéndose nos outros tres trimestres. Tal e como indica o devandito **cadro 1.1.2.**, no derradeiro trimestre do ano a contracción no sector da construción foi do 8% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Distribución funcional da renda en España 2007-08

	2007	2008	2007				2008			
			1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
	(taxas de variación interanual)									
PIB a prezos de mercado	7,0	4,3	7,6	7,3	6,6	6,3	6,0	5,0	4,3	1,8
Remuneración de asalariados	7,1	4,7	7,3	7,4	7,0	6,7	7,2	5,5	4,4	1,6
Custo laboral unitario	2,9	3,5	2,7	2,7	3,1	3,0	4,2	3,6	3,4	2,6
Remuneración por asalariado	3,7	5,3	3,4	3,5	3,8	4,1	5,2	5,4	5,3	5,2
Productividade por traballador	0,8	1,8	0,7	0,7	0,7	1,0	1,0	1,7	1,8	2,5
Taxa de asalarización	0,4	0,0	0,5	0,6	0,2	0,3	0,2	0,1	0,0	-0,3
Excedente bruto de explotación / Renda mixta bruta	8,8	8,4	7,9	7,5	8,6	11,0	9,7	10,0	9,2	4,8
Impostos netos produción e importacións	-0,2	-14,3	7,2	6,6	-2,2	-12,5	-12,4	-16,8	-16,4	-11,6

Fonte: INE

1.1.5.

Asemade, despois do crecemento rexistrado en 2007, o valor engadido do sector primario decreceu no último ano un 0,6%. Ao longo do ano o sector presenta taxas de variación negativas a partir do segundo trimestre, acadando a caída máis acusada no derradeiro trimestre, cun -2,7%.

No que atinxe á **distribución primaria das rendas**, a remuneración de asalariados desacelerouse no último ano ata o 4,7%, dous puntos e medio menos que a taxa estimada no exercicio anterior consecuencia da redución do número de asalariados e do aumento do 5,3% da súa remuneración media. A consideración conxunta da devandita remuneración e da produtividade sitúa o incremento do custo laboral medio por unidade de produto no 3,5%, seis décimas por riba da rexistrada en 2007.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta minoran lixeiramente o seu crecemento medio anual, que acada o 8,4%, catro décimas menos que no ano anterior. Asemade, os impostos netos sobre a produ-

ción e as importacións decrecen un 14,3%, cando no ano precedente o fixeran tan só un 0,3%.

Atendendo á súa evolución ao longo do último ano, cómpre salientar a forte minoración da taxa de crecemento da remuneración de asalariados, que se sitúa no derradeiro trimestre de 2008 no 1,6%, máis de cinco puntos inferior á estimada no mesmo trimestre do ano precedente. O excedente bruto de explotación e as rendas mixtas tamén sofren unha importante desaceleración no derradeiro trimestre de 2008, cunha medra do 4,8% (3,2 puntos superior á taxa de crecemento da remuneración de asalariados) fronte ao 11% de 2007.

Os datos reflectidos no **cadro 1.1.5.** amosan que a participación dos asalariados na renda mantense practicamente constante ao longo dos cinco anos considerados (47,7% en 2004 e 47,5% en 2008) en tanto que o peso relativo do excedente bruto de explotación medra en máis de dous puntos porcentuais, acadando en 2008 o 44% do PIB.

Mercado de traballo en Galicia e España 2007-08

	Galicia		España	
	2007	2008	2007	2008
	<i>(en taxas de crecemento anual)</i>			
PIB	4,0	1,8	3,7	1,2
Emprego				
Afiliacións á Seguridade Social	3,6	0,2	3,0	-0,8
Ocupación	2,5	0,6	3,1	-0,5
Paro estimado	-8,5	16,3	-0,2	41,3
Paro rexistrado	-6,7	7,9	0,0	24,6
Regulación do emprego				
Expedientes autorizados	23,1	17,5	9,0	64,1
Traballadores afectados	2,9	109,4	12,4	152,5
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (1)	2,0	-2,4	1,4	-5,3
Sociedades mercantís creadas	-4,6	-19,9	-4,2	-28,2

(1) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
 Fonte: IGE, INE e Ministerio de Trabajo e Inmigración

1.1.6.

O descenso nos niveis de actividade trasladouse con gran rapidez ao **mercado de traballo**, rexistrándose en 2008 unha caída da ocupación, un forte crecemento nos niveis de desemprego e unha redución do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e das sociedades mercantís creadas.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social descendeu no último ano en máis de 145.000 persoas, un 0,8%, e a poboación ocupada segundo a EPA o fixo nun 0,5%, aproximadamente 98.500 persoas. Atendendo á distribución sectorial, cómpre salientar que o incremento da poboación ocupada na rama dos servizos non foi suficiente para compensar a caída nos outros tres grandes sectores.

Xunto a esta caída da ocupación, a medida que o dinamismo económico vai perdendo forza, o desemprego aumenta considerablemente, acadando o paro esti-

mado unha medra anual superior ao 40% e o paro rexistrado, de case un 25%. Asemade, tal e como reflicte o **cadro 1.1.6.**, o ano 2008 presenta un aumento elevado do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, así como unha nova caída tanto do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social como do das sociedades mercantís creadas.

Respecto ás medidas aplicadas para facer fronte ao deterioro da actividade económica e ás dificultades financeiras, activouse o **Plan Español para o Estímulo da Economía e o Emprego (Plan E)**, que se articula en torno a cinco eixos de actuación: medidas de apoio ás familias, medidas de apoio ás empresas, medidas de fomento ao emprego, medidas financeiras e orzamentarias, e finalmente, o de modernización da economía.

De maneira extraordinaria puxéronse en marcha

Plan Español para o Estímulo da Economía e o Emprego. Plan E

O Plan E recolle un conxunto de medidas que, de xeito coordinado cos países da Unión Europea, se adaptaron co gallo de proporcionar liquidez ao sistema financeiro. O seu obxectivo final é o restablecemento do canal de crédito cara as familias e as empresas.

O Plan artúclase en cinco grandes eixos de actuación: medidas de apoio ás familias, medidas de apoio ás empresas, medidas de fomento do emprego, medidas financeiras e orzamentarias e reformas para a modernización da economía. Ao longo do ano 2008 adoptáronse preto de 80 medidas que constitúen este Plan Español de Estímulo da Economía e o emprego.

Eixo 1.- Medidas de apoio ás familias. Incorpora unha serie de medidas fiscais que supoñen un apoio directo para as familias, permitindo incrementar a súa renda dispoñible, xunto cunha serie de actuacións orzamentarias, que pretenden mellorar a protección das familias.

Eixo 2.- Medidas de apoio ás empresas. Estas actuacións artúclanse tanto a través de medidas de carácter fiscal, que permiten liberar recursos a favor das empresas, como ampliando os instrumentos dispoñibles de carácter financeiro para facilitar o acceso ao crédito.

Eixo 3.- Medidas de fomento de emprego. O Plan introduce medidas directas de

impulso á creación de emprego, como o Fondo para entidades Locais e o Fondo Especial para a Dinamización da Economía e o Emprego. O Plan reflicte que recollerá todos os avances producidos no marco do diálogo social a favor do emprego e a súa estabilidade.

Eixo 4.- Medidas financeiras e orzamentarias. Incorpora as medidas, que de xeito coordinado, os países da UE adoptaron para restablecer os canais de crédito cara ás familias e as empresas. Asemade, co obxecto de reforzar a confianza no sistema financeiro, se ampliou o fondo de Garantía de Depósitos. No eido orzamentario, incorpora actuacións de austeridade no gasto corrente.

Eixo 5.- Modernización da economía. De xeito complementario ás actuacións recollidas no Programa Nacional de Reformas, o Plan contempla medidas concretas para mellorar a produtividade de sectores fundamentais como o transporte, a enerxía, as telecomunicacións, os servizos e a administración.

Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

O seu **obxecto** é a dotación de dous fondos extraordinarios. Un destinado a promover o investimento público no ámbito dos concellos e outro coa finalidade de desenvolver actuacións para mellorar a situación conxuntural de determinados sectores estratéxicos e cometer proxectos con alto impacto na creación de emprego.

O **Fondo Estatal de Investimento Local**, adscrito ao Ministerio de Administraciones Públicas, créase cun importe total de 8.000 millóns de euros. Segundo se recolle no seu artigo 3, os contratos deben ter por obxecto obras de competencia municipal, as obras obxecto dos contratos deben ser de nova planificación e de execución inmediata, e os contratos deben ter un valor estimado inferior a 5 millóns de euros, non podendo fraccionarse o seu obxecto co fin de non superar este importe.

Tendo en conta que o reparto destes fondos realízase en función da poboación a 1 de xaneiro de 2007, Galicia recibiu un total de 490,7 millóns de euros, dos que 200,4 millóns de euros corresponden á provincia de A Coruña, 167,7 millóns de euros a Pontevedra, 62,9 millóns de euros a Lugo e 59,6 millóns a Ourense.

No que atinxe ao **Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego**, dotado con 3.000 millóns de euros, este deberá destinarse ás seguintes finalidades:

- Actuacións de I+D+i
- Actuacións no sector da automoción
- Actuacións medioambientais, especialmente en auga, costas, repoboación forestal, limpeza de montes, ...
- Construción, adecuación, rehabilitación e mellora de edificios públicos, especialmente casas-cuartel, comisaría e centros penitenciarios.
- Rehabilitación de vivenda e rehabilitación de espazos urbanos.
- Actuacións en pequenas infraestruturas do transporte, tais como pasos a nivel, conservación de estradas.
- Actuacións vinculadas coa prestación de servizos sociais: turismo social e atención á dependencia.

Estas obras deberán ter un valor estimado inferior a 5 millóns de euros, e a súa contratación se tramitará polo procedemento de urxencia previsto no artigo 96 da Lei de Contratos do Sector Público.

medidas de impulso á actividade económica e ao emprego que se suman ás contidas no devandito Plan E. Cómpre salientar a aprobación do **Fondo Estatal de Investimento Local**, co obxecto de incrementar o investimento público no ámbito local, e o **Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego**, co obxecto de financiar actuacións no ámbito de determinados sectores produtivos estratéxicos, para o desenvolvemento de proxectos con alto impacto no mantemento e creación de emprego (RD-Lei 9/2008, de 28 de novembro).

Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de máis de seis millóns e medio de habitantes, o que implica unha densidade media de 128 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a eurorrexión representa o 1,2% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación.

O PIB da eurorrexión medrou no ano 2006, último dato dispoñible en Eurostat, un 6,4%, medio punto por riba do experimentado pola UE-27. Os datos recollidos no **cadro 1.1.7.** indican o maior dinamismo da economía galega nese ano, que creceu un 8,4% (medido en termos correntes), máis do dobre do rexistrado na rexión Norte de Portugal (4,1%).

En termos de PIB per cápita, a eurorrexión experimentou unha lixeira converxencia coa media comunitaria, acadando o seu PIB por habitante o 70,9% da media europea, oito décimas máis que en 2005.

Comparando os datos das dúas rexións, cómpre salientar que o devandito indicador de converxencia acada en Galicia o 86,5%, 26 puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal.

No concernente ao emprego, a ocupación no ano 2007 ascendeu a 2.994.100 persoas (o 45,9% da poboación total da eurorrexión), dos que o 53,6% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abranguen case a cuarta parte das persoas traballadoras, mentres que a construción e o sector primario acollen co 11,4% e 10,7%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 60,8% das persoas ocupadas fronte ao 48,7% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,3% e o 18,2%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 8,6% da ocupación total en Galicia fronte ao 12,1% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, tras o descenso da taxa de paro no ano 2006, Galicia mantén unha ratio lixeiramente superior á media europea e inferior á rexistrada no norte de Portugal. Esta mesma tendencia se produce no caso das mulleres e das persoas novas (15-24 anos), onde as taxas de

Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión	UE-27
Superficie	(en Km ²)	--	29.575	21.280	50.855	4.403.357
Poboación de dereito		1/1/08	2.783,1	3.745,2	6.528,3	497.455,0
	(miles de persoas)	1/1/07	2.772,5	3.744,1	6.516,6	495.090,3
		1/1/06	2.767,5	3.737,8	6.505,3	492.975,2
		1/1/05	2.760,2	3.727,3	6.487,5	491.023,5
Densidade poboación		1/1/08	94,1	176,0	128,4	113,0
	(habitantes por km ²)	1/1/07	93,7	175,9	128,1	112,4
		1/1/06	93,6	175,6	127,9	112,0
		1/1/05	93,3	175,2	127,6	111,5
Poboación ocupada						
Sector primario			8,6	12,1	10,7	5,6
Industria	(%)	2007	18,2	28,3	24,3	27,6
Construción			12,3	10,7	11,4	8,2
Servizos			60,8	48,7	53,6	66,6
Desemprego						
Total			8,7	8,7		7,0
Feminina	(%)	2008	10,4	10,1		7,5
Mozos (15-24 anos)			21,2	16,5		15,5
Produto Interior Bruto		2007	53.829,1	45.780,4	99.609,5	12.014.969,2
	(millóns de € correntes)	2006	50.359,7	43.511,1	93.870,8	11.410.592,6
		2005	46.349,3	41.798,6	88.147,9	10.812.932,9
		2004	42.892,0	40.415,4	83.307,5	10.357.907,7
PIB per cápita (1)		2006	86,5	60,5	70,9	
		2005	83,3	61,0	70,1	
		2004	81,2	59,1	68,6	

(1) inclúense as diferenzas en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

1.1.7.

desemprego acadan o 10% e o 15,9%, respectivamente. No rexión Norte de Portugal, a taxa de desemprego é do 9,4% (7,6% en Galicia), situándose esta porcentaxe no 12% no caso das mulleres e no 16,6%, no caso dos novos. ■

1.2.- Panorama macroeconómico de Galicia

No ano 2008 a economía galega experimentou unha importante desaceleración no seu ritmo de crecemento, cunha medra interanual media do 1,8%, 2,2 puntos menos que no ano anterior. A pesar deste descenso, este dato sitúase por riba da media estatal, 1,2%, e da estimada para o conxunto da Unión Europea, cun 0,9%.

Ao igual que acontece nas economías do seu entorno, a devandita minoración da actividade produtiva galega faise máis acusada a medida que avanza o ano, acadando unha taxa de crecemento interanual do 0,3% no derradeiro trimestre de 2008, cando no mesmo período do ano anterior esta porcentaxe era do 3,7%. En termos intertrimestrais, o cuarto trimestre do último ano presenta un descenso do 0,4% respecto ao trimestre anterior, o que sitúa á economía galega ás portas da recesión.

Ao igual que acontece no conxunto do Estado, a demanda interna deixa de ser o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB agregado de oito décimas (5,3 puntos en 2007). Tras esta caída, o sector exterior, que en 2007 detraía 1,3 puntos ao crecemento do PIB, ten unha contribución positiva de un punto porcentual. Dende á óptica de oferta, hai que destacar que todos os sectores de actividade, agás o sector servizos, presentaron en 2008 unha taxa de variación interanual negativa.

Neste clima de incerteza e desaceleración económica, o último ano caracterizouse tanto polo elevado incremento do desemprego, especialmente no segundo semestre do ano, como pola forte minoración no

ritmo de crecemento medio anual do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas.

Finalmente, cómpre salientar que en xullo de 2008 asinouse, por parte da Xunta, a CEG, UGT e CC.OO., o **Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011**, que incorpora os traballos desenvolvidos nas mesas 3 e 4 do diálogo social de Galicia. Esta Acordo baséase en “favorecer a modernización e diversificación da economía galega, mellorando a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas e impulsando a produtividade destas últimas. Unha aposta decidida polo fomento dunha economía baseada no coñecemento, na cohesión social e no desenvolvemento equilibrado e sostible de todo o territorio de Galicia”.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, o Acordo define cinco eixos estratéxicos e 18 medidas concretas sobre as que se deben concentrar os esforzos. O volume total de gasto asociado ás medidas contidas ascende a 7.866,0 millóns de euros, dos que un 30,1% corresponden ao eixo 5 “Medio ambiente e equilibrio territorial” e un 24,9%, ao eixo 4 “Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas”. Para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos e medidas de actuación recollidas no Acordo, defínense un total de 31 indicadores de seguimento.

Agregados da demanda

Dende a perspectiva do gasto, a continua perda do impulso da actividade económica reflectiuse no

Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011

O Acordo está baseado en favorecer a modernización e diversificación da economía, mellorando a competitividade de Galicia e das súas empresas e impulsando a produtividade destas últimas. Co obxectivo de fomentar unha economía baseada no coñecemento, na cohesión social e no desenvolvemento equilibrado e sostible, establece cinco eixos de actuación e 18 grupos de medidas.

<i>Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-11: eixos e medidas</i>		
Eixos	Importe (en millóns de €)	Medidas
1.- Desenvolvemento e modernización empresarial	1.295,0	Fomentar o investimento empresarial e o espírito emprendedor. Apoiar a modernización do tecido empresarial. Promover internacionalización e captación investimento estranxeiro. Converter a calidade nunha referencia do modelo de desenvolvemento. Impulso da participación e cooperación entre axentes económicos.
2.- Demografía, mercado de traballo e capital humano	1.232,0	Promoción do emprego e mellora da protección social. Favorecer a revitalización demográfica. Impulsar a empregabilidade da man de obra. Incidir na mellora do capital humano para aumentar a produtividade.
3.- I+D+i e Sociedade da Información	1.013,0	Fomentar a I+D+i. Desenvolvemento da Sociedade da Información. Implantación da administración electrónica e métodos de xestión de calidade no ámbito público.
4.- Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas	1.958,0	Mellorar as infraestruturas de transporte. Fomentar a diversificación e a eficiencia enerxéticas.
5.- Medioambiente e territorio	2.368,0	Conservación do medio e xestión dos recursos naturais. Conseguir unha distribución máis equilibrada da poboación. Desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Promoción e creación de solo industrial.

Fonte: Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011

importante descenso da achega da demanda interna, que moderou a súa contribución en 4,5 puntos respecto a estimado en 2007, situándose en 0,8 puntos. Esta moderación ven explicada tanto pola contención do gasto total en consumo final, cunha medra do 2,4% (4,0% en 2007), como pola ralentización do investimento, que pasa de medrar un 5,8% en 2007 a tan só un 1,6% en 2008. Por contra, a participación do

sector exterior no PIB agregado presenta en 2008 valores positivos en todos os trimestres, acadando unha achega media de 1,0 puntos fronte aos -1,3 puntos do ano anterior.

• Consumo

No que á demanda interna se refire, o gasto en consumo final das familias galegas medrou en 2008 un

Indicadores de seguimento dos obxectivos fixados no Acordo pola competitividade de Galicia 2008-11

		Obxectivo	Data	Galicia	España
		2011			
Eixe 1.- Desenvolvemento e modernización empresarial					
Gasto en I+D do sector privado	(% sobre gasto I+D)	50,0		55,4	56,0
Gasto en I+D do sector privado	(% sobre PIB)	0,8	2007	0,6	0,7
Empresas con conexión a internet mediante banda ampla	(% sobre total empresas)	97,5	2008	93,7	97,1
Gastos totais en actividades innovadoras das empresas	(% sobre PIB)	2,0	2007	1,8	1,7
Empresas que innovan	(% sobre empresas de 10 ou máis ocupados)	27,5	2007	16,4	15,2
Empresas de máis de 100 asalariados	(Empresas por 1.000 habitantes)	0,3	2008	0,2	0,3
Importacións de bens de equipamento	(% sobre total importacións)	11,5	2008		
Propensión media a exportar	(% exportacións internacionais sobre PIB)	30,0	2008	27,7	17,2
Prazas hoteleiras	(Prazas por 1.000 habitantes)	25,0	2008	21,8	29,1
Empresas certificadas ISO-9000	(% sobre total estatal)	5,5	2007	5,1	100,0
Eixe 2.- Demografía, mercado de traballo e capital humano					
Taxa de crecemento poboación	(taxa crecemento por mil)	6,0		3,8	19,1
Taxa temporalidade	(%)	20,0		31,5	31,8
Taxa global de emprego	(% ocupados sobre pob. 16-64 anos)	67,5	2008	50,3	53,0
Taxa feminina de emprego	(% mulleres ocupadas sobre mulleres 16-64)	59,0		42,3	43,9
Taxa de desemprego xuvenil	(% parados de 16-24 anos sobre activos 16-24)	13,0		21,2	24,6
Abandono educativo temprano	(% pob. 18-24 que non rematou secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de formación)	22,5	2006	27,1	29,2
Nivel de formación da poboación nova	(etapa)	80,0		66,6	65,0
Titulados en matemáticas, ciencias e tecnoloxías	(Graduados en educación superior en ciencia e tecnoloxía por mil hab. 20-29 anos)	13,5	2007	6,8	6,5
Eixe 3.- I+D+i e Sociedade da Información					
Gasto en I+D	(% sobre PIB)	1,6	2007	1,0	1,3
Solicitudes de patentes vía estatal	(Nº por millón habitantes)	52,5	2008	63,3	78,1
Persoal en actividades I+D	(% sobre ocupados)	1,0	2007	0,7	1,0
Poboación que emprega internet	(% sobre poboación 5 e máis anos)	40,0		40,1	48,6
Persoas que mercaron a través de internet	(% sobre poboación 16-74 anos)	22,5		11,6	13,3
Empresas con sitio/páxina web	(% empresas con conexión internet)	55,0	2008	55,0	57,5
Persoas que obteñen información de pax web da Admón.	(% sobre poboación 16-74 anos)	60,0		49,0	49,0
Empresas que interactúan coas AA.PP. mediante internet	(% empresas con conexión internet)	75,0		64,1	67,1
4.- Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas					
Dotación autovías e autoestradas	(Km/1.000 km2)	31,0	2007	27,5	25,7
Dotación estradas	(Km/1.000 km2)	615,0		565,5	302,3
Viaxeiros transporte regular urbano por habitantes	(porcentaxe)	32,0	2008	2,3	2,6
5.- Medioambiente e territorio					
Xeración eléctrica con renovables	(% sobre consumo enerxía eléctrica)	81,0	2006	69,6	
Extensión solo industrial	(millóns m2 solo operativo)	64,8		45,9	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE, Ministerio de Fomento e Ministerio de Educación

2,1%, case dous puntos por baixo do estimado no ano precedente. Entre os factores que explicarían esta desaceleración están, en parte, o deterioro do nivel de emprego da economía así como o maior pesimismo dos consumidores.

A pesar do maior incremento da renda familiar bruta dispoñible (prezos correntes), as expectativas do con-

sumidor empeoran en 2008 de xeito considerable, salientando que o valor negativo do indicador de confianza (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados) cae ata os 35,2 puntos, máis de 16 puntos por baixo do rexistrado no ano precedente. Asemade, cómpre salientar o nivel de pesimismo no que á capa-

cidade actual e futura de aforro e ás oportunidades de facer grandes compras.

Outros indicadores que explican a contracción do consumo das familias son a caída do índice de vendas polo miúdo, o forte retroceso do valor das importacións de bens de consumo e a redución da ocupación hoteleira.

Respecto á demanda externa, a achega do sector exterior no PIB agregado acadou no último ano valores positivos en todos os trimestres, sendo a súa contribución media de un punto (-1,3 puntos en 2007). En termos reais, as importacións reducíronse no ano 2008 un 1,6% respecto ao importe do ano anterior e as exportacións, un 0,5%. Como se desprende do **cadro 3.3.1. [Importacións e exportacións de Galicia 2007-08: distribución segundo áreas xeográficas]**, no último ano aumenta a importancia relativa das relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas, xa que o 66,9% do valor das importacións galegas preceden do resto do Estado (64,3% en 2007) e o 57,7% do valor das exportacións (53,8% no ano precedente).

• **Investimento**

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no derradeiro ano unha contracción do 2,1%, cando no ano precedente o investimento medrara un 5,8%. Os datos trimestrais reflicten a caída desta variable na segunda metade do ano, salientando a taxa negativa do derradeiro trimestre de 2008, cun -8,2%.

No que atinxe á evolución do investimento en bens de

equipo, reflectido nos datos de produción industrial, este descendeu un 10,9% respecto ao experimentado no ano 2007, cando a produción de bens de equipamento medrara un 9,2%. Pola súa banda, as importacións destes produtos, rexistraron unha caída do 3,6%.

A diferenza do acontecido no ano 2007, a licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en Galicia unha medra do 24,1%, situándose este crecemento no 46,3% no caso da Administración Autonómica e no 22%, no caso da Central. Por contra, a licitación oficial pública das administracións locais se reduce un 18,8% respecto ao rexistrado no ano precedente.

Agregados da oferta

Dende á óptica de oferta, á hora de analizar o comportamento da economía galega hai que destacar que todos os sectores de actividade, agás o conxunto de actividades dos servizos, presentaron en 2008 unha taxa de variación interanual negativa.

A modo de síntese, xa que no capítulo 3 desta Memoria se analiza de xeito máis polo miúdo a actividade produtiva da economía galega, cómpre salientar que o sector terciario rexistrou unha lixeira desaceleración no conxunto do ano 2008, acadando unha taxa media de variación interanual de 3,8%, tan só catro décimas por baixo do experimentado no ano precedente. Esta ralentización prodúcese pola minoración experimentada na rama de servizos de mercado, xa que os de non mercado presentan un crecemento de 5,1%, 1,1 puntos máis que en 2007.

PIB 2007-08: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2007	2008	2007				2008			
			trimestres				trimestres			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
Gasto en consumo final	4,0	2,1	4,7	4,8	4,1	2,6	3,0	2,2	1,6	1,6
Gasto en consumo final dos fogares	4,0	1,2	4,0	4,9	4,2	2,4	2,7	1,4	0,5	0,4
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSH	4,1	5,2	4,8	4,2	3,7	3,5	4,2	5,3	5,6	5,7
Formación bruta de capital fixo	5,8	-2,1	7,5	5,1	5,8	4,9	2,5	1,0	-3,6	-8,2
Demanda interna (2)	5,3	0,8	6,6	5,1	5,1	4,6	3,3	2,1	-0,1	-1,9
Exportacións de bens e servizos	6,4	-0,5	7,9	6,3	8,3	3,4	1,1	2,6	1,4	-6,9
Importacións de bens e servizos	6,9	-1,6	9,5	7,1	8,2	3,0	0,9	1,7	-0,9	-8,2
PIB a prezos de mercado	4,0	1,8	4,1	4,1	4,1	3,7	3,1	2,4	1,5	0,3
Ramas agraria e pesqueira	2,3	-1,1	1,1	2,9	3,5	3,7	1,9	-2,0	0,6	-3,9
Ramas enerxéticas	1,8	-2,1	6,7	0,8	1,5	-1,5	-6,0	-1,3	1,0	-1,9
Ramas industriais	4,3	-1,6	6,4	4,0	7,5	-0,5	1,7	1,6	-1,6	-8,0
Construción	4,3	-0,3	3,9	4,3	4,6	4,6	3,4	1,2	-1,5	-3,9
Ramas dos servizos	4,2	3,8	3,7	4,4	4,2	4,5	4,4	4,1	3,5	3,3
servizos de mercado	4,3	3,4	4,3	4,1	4,2	4,4	4,1	3,8	3,2	2,8
servizos de non mercado	4,0	5,1	2,0	5,5	4,3	4,3	5,8	5,3	4,4	5,1
Impostos netos sobre os produtos	3,4	0,7	3,0	3,4	8,5	-1,2	4,9	2,1	-4,6	0,9

(1) datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, taxas de variación interanual; prezos constantes de 2000

(2) contribución ao crecemento do PIB

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

1.2.1.

O conxunto das ramas de actividade do sector manufactureiro, despois dunha medra superior ao catro por cento en 2007, caeu no último ano un 1,6%. Ao longo do ano, os datos recollidos no **cadro 1.2.1.** amosan que a industria experimentou unhas taxas negativas nos dous últimos trimestres do ano, salientando unha contracción do oito por cento no derradeiro trimestre.

O sector primario presenta taxas de crecemento interanual positivas no primeiro e terceiro trimestres de 2008. En termos medios anuais, a actividade agro-gandeira e forestal descendeu no último ano un 1,1%.

Finalmente, a construción descendeu un 0,3% en 2008, cando no ano anterior este sector presentara unha medra do 4,3%. Ao igual que acontece no sector industrial, na primeira metade do ano, esta rama de

actividade presentaba taxas de crecemento positivas, contraéndose no terceiro trimestre un 1,5% e no cuarto, un 3,9%.

Agregados da renda

No período 2003-2008 a participación dos asalariados na renda descendeu entre os dous extremos da serie sete décimas, acadando en 2008 o 44,5%. Pola contra, o peso dos beneficios (excedente bruto de explotación/rendas mixtas) acadou o 46,5% no derradeiro ano considerado, 2,3 puntos porcentuais por riba do acadado en 2003.

A taxa media de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) ascendeu ata o 4,2%, cando no ano anterior este índice situouse no 2,5%. A evolución ao

Consumo e investimento en Galicia e España 2007-08: principais indicadores

	Galicia		España	
	2007	2008	2007	2008
<i>(taxas de variación interanuais)</i>				
Consumo				
Renda familiar bruta dispoñible <i>(p. correntes)</i>	6,3	7,3	6,7	7,0
Índice de vendas do comercio polo miúdo	4,9	-1,2	4,8	-1,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(p. constantes)</i>	2,9	-5,2	2,5	-5,2
Produción de bens de consumo	1,5	4,4	1,8	-5,0
Produción de bens de consumo duradeiro	2,3	-15,6	5,4	-13,8
Produción de bens de consumo non duradeiro	1,5	6,4	1,1	-3,3
Importación de bens de consumo	11,4	-8,9	8,6	-0,6
Matriculación turismos e motocicletas	2,9	-26,9	-0,1	-26,7
Ocupación hoteleira	3,9	-6,1	3,1	-2,1
Gasto de Administracións Públicas	4,1	5,2	5,1	5,3
<i>(saldo medio das respostas)</i>				
Expectativas do consumidor				
Indicador de confianza do consumidor (1)	-18,9	-35,2		
Indicador de sentimento (1)	-25,7	-39,2		
Capacidade futura de aforro (1)	-35,3	-44,8		
Oportunidades de facer grandes compras (1)	-49,5	-60,7		
Posibilidade actual de aforro (1)	-38,5	-49,1		
Perspectivas de evolución da situación económica	-18,1	-19,8		
Investimento				
<i>(taxas de variación interanuais)</i>				
Formación bruta de capital	5,8	-2,1	5,3	-3,0
Produción de bens de equipo	9,2	-10,9	6,3	-5,2
Matriculacións de vehículos de carga (2)	5,1	-37,3	0,3	-43,1
Importacións de bens de equipo	4,1	-3,6	7,1	-6,4
Licitación pública				
Licitación pública de todas Administracións	-7,0	24,1	-12,8	-0,4
Licitación pública da Admon. Central	-21,8	22,0	6,6	8,8
Licitación pública Admons. Autonómicas	16,3	46,3	-18,2	0,7
Licitación pública de Admon. Local	6,0	-18,8	-26,5	-13,4

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

(2) matriculacións de camiós, furgonetas, autobuses e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, Seopan, ICEX e Funcas

1.2.2.

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo e préstamos hipotecarios a máis de tres anos 2004-08

	Tipos de xuros referente a créditos para o consumo		Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos		
	Bancos	Caixas de aforros	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
	<i>(datos no mes de decembro)</i>		<i>(medias anuais)</i>		
2004	8,68	8,04	3,27	3,44	3,36
2005	8,75	7,91	3,18	3,37	3,28
2006	8,90	8,02	4,12	4,22	4,17
2007	9,01	8,48	5,20	5,28	5,24
2008	9,37	8,72	5,78	5,92	5,86

Fonte: Banco de España

1.2.3.

Asignación funcional da renda 2003-08

	Remuneración dos asalariados	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
--	---------------------------------	---	---	----------------------------

(en millóns de €, prezos correntes)

2003	18.765,3	18.381,5	4.408,3	41.555,1
2004	19.774,5	20.206,4	4.769,0	44.750,0
2005	21.289,8	21.725,5	5.343,5	48.358,7
2006	23.434,2	23.203,1	5.819,4	52.456,7
2007	25.113,6	25.107,9	5.987,2	56.208,6
2008	26.163,6	27.375,3	5.291,2	58.830,1

(% / PIB)

2003	45,2	44,2	10,6	100,0
2004	44,2	45,2	10,7	100,0
2005	44,0	44,9	11,0	100,0
2006	44,7	44,2	11,1	100,0
2007	44,7	44,7	10,7	100,0
2008	44,5	46,5	9,0	100,0

(1) datos corrixidos de estacionalidade e de calendario
 Fonte: IGE, Contas económicas anuais

1.2.4.

longo do ano amosa o rápido crecemento dos prezos nos primeiros nove meses así como unha forte caída no derradeiro trimestre, acadando unha taxa interanual do 1,2% no mes de decembro (4,1% no mesmo mes do ano anterior).

A diferenza do acontecido en 2007, o aumento salarial pactado en Galicia experimentou unha medra do 4,3%, sete décimas por baixo do rexistrado no ano anterior. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no dos outros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

- **Asignación funcional da renda**

A participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu entre os anos 2003 e 2008 sete

décimas, pasando do 45,2% do primeiro ano da serie ao 44,5% do último ano. A participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acadou o 46,5% no derradeiro ano considerado, case dous puntos e medio porcentuais por riba do acadado en 2003.

Comparando os datos dos anos 2007 e 2008, o peso da remuneración de asalariados reduciuse dúas décimas, en tanto que os excedentes brutos de explotación/rendas mixtas medraron en case dous puntos porcentuais. En termos nominais, fronte á medra do 4,2% da remuneración salarial, a actividade produtiva fíxoo nun 4,7% e os beneficios empresariais, nun 9%.

Se se ten en conta a evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego -medido en termos do número de postos de traballo


IPC xeral ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2007-08: taxas de variación interanuais

	decembro			media anual		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(%)		(en puntos porcentuais)	(%)		(en puntos porcentuais)
Andalucía	4,2	1,3	-2,9	2,8	4,0	1,2
Aragón	4,4	1,6	-2,8	2,9	4,4	1,5
Asturias	4,1	1,6	-2,5	2,6	4,2	1,6
Baleares	3,9	1,3	-2,6	2,7	3,8	1,1
Canarias	4,3	1,6	-2,7	2,3	4,4	2,1
Cantabria	4,4	1,3	-3,1	2,7	4,3	1,6
Castela e León	4,5	1,1	-3,4	2,8	4,2	1,4
Castela-A Mancha	4,5	0,9	-3,6	2,6	4,3	1,7
Cataluña	4,3	1,6	-2,7	3,0	4,1	1,1
C. Valenciana	4,3	1,5	-2,8	2,8	4,0	1,2
Extremadura	4,2	1,3	-2,9	2,7	4,1	1,4
Galicia	4,1	1,2	-2,9	2,5	4,2	1,7
A Coruña	4,0	1,5	-2,5	2,6	4,2	1,6
Lugo	4,0	1,1	-2,9	2,3	4,2	1,9
Ourense	4,0	1,2	-2,8	2,1	4,2	2,1
Pontevedra	4,2	0,9	-3,3	2,4	4,2	1,8
Madrid	4,0	1,6	-2,4	2,8	3,9	1,1
Murcia	4,7	1,1	-3,6	3,1	4,0	0,9
Navarra	4,2	1,2	-3,0	2,4	3,9	1,5
País Vasco	4,2	1,9	-2,3	2,8	4,1	1,3
A Ríoxa	3,9	1,6	-2,3	2,8	4,1	1,3
Ceuta	3,0	2,1	-0,9	1,9	3,8	1,9
Melilla	3,8	1,8	-2,0	2,7	3,9	1,2
Total	4,2	1,4	-2,8	2,8	4,1	1,3

(1) base 2006
Fonte: INE

1.2.5.

IPC xeral en Galicia e España 2007-08



Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.2.6.

IPC galego e español 2007-08: distribución segundo grupos ⁽¹⁾

	2007		2008		08/07	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
			(%)		(en puntos porcentuais)	
Xeral	2,5	2,8	4,2	4,1	1,7	1,3
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,9	3,7	6,0	5,9	3,1	2,2
Bebidas alcohólicas e tabaco	7,6	7,0	3,6	3,9	-4,0	-3,1
Vestido e calzado	1,0	1,1	0,6	0,7	-0,4	-0,4
Vivenda	3,1	3,7	7,8	6,6	4,7	2,9
Menaxe	2,5	2,6	3,2	2,6	0,7	0,0
Medicina	-1,1	-1,5	0,0	0,2	1,1	1,7
Transporte	2,1	2,1	5,9	5,8	3,8	3,7
Comunicacións	0,1	0,2	0,0	0,0	-0,1	-0,2
Ocio e cultura	-0,5	-0,7	-0,4	-0,1	0,1	0,6
Ensino	3,9	4,5	4,2	4,0	0,3	-0,5
Hoteis, cafés e restaurantes	5,3	4,8	5,1	4,7	-0,2	-0,1
Outros bens e servizos	2,5	3,3	3,1	3,3	0,6	0,0

(1) taxas de variación medias anuais
Fonte: INE

1.2.7.

equivalente a tempo completo- os datos das Contas económicas indican unha caída da participación dos asalariados na renda. Se en 2003, o 82,5% dos traballadores repartíanse o 45,2% da renda, no ano 2008, o 44,5% da renda se distribúe entre o 81,6% dos asalariados.

• Inflación

O forte crecemento da inflación galega, medida a través da taxa de variación interanual do índice xeral do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), rexistrada nos últimos meses de 2007, motivada en parte pola evolución dos prezos dos produtos alimenticios e os enerxéticos, continuou ata o mes de xullo de 2008, cando se acadou o 5,6%, o valor máis elevado desde o mes de xaneiro de 2002. A partir dese momento os prezos ralentizan o seu crecemento rapidamente, ata o 1,2% no mes de decembro.

A taxa media de variación interanual en Galicia ascende en 2008 ata o 4,2%, unha décima máis que no conxunto do Estado, cando no ano precedente o IPC medio anual foi do 2,5% (2,8% en España). No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 3,3%.

A nivel provincial, cómpre salientar que, en termos medios, todas as provincias galegas presentan a mesma taxa de crecemento de prezos ao consumo. Atendendo aos datos correspondentes ao mes de decembro, Pontevedra sitúase no último ano coa taxa máis reducida, cun 0,9% (4,2% na mesma data do ano anterior), en tanto que en A Coruña esta porcentaxe foi do 1,5% (4,0% en 2007).

O grupo de produtos de bebidas alcohólicas e tabaco, seguido polo de “hoteis, cafés e restaurantes” e

IPC galego e español 2007-08: distribución segundo produtos

	2007		2008		08/07	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(%)				(en puntos porcentuais)	
Leite	9,2	9,8	16,0	15,3	6,8	5,5
Calefacción, alumado e distribución de auga	1,9	2,5	11,3	9,4	9,4	6,9
Cereais e derivados	1,8	2,9	10,3	9,3	8,5	6,4
Pan	7,7	8,2	9,8	8,9	2,1	0,7
Productos lácteos	3,3	3,4	9,6	8,7	6,3	5,3
Transporte público interurbán	2,8	3,4	8,8	8,9	6,0	5,5
Preparados de legumes e hortalizas	6,0	5,7	8,6	8,4	2,6	2,7
Café, cacao e infusións	6,2	4,7	8,6	7,1	2,4	2,4
Reparación de calzado	6,0	5,8	7,9	6,2	1,9	0,4
Froitas frescas	2,7	4,5	7,7	9,4	5,0	4,9
Ovos	-4,8	4,3	7,4	10,7	12,2	6,4
Outros preparados alimenticios	2,8	3,0	6,8	6,4	4,0	3,4
Carne de ave	6,2	9,7	6,1	4,3	-0,1	-5,4
Transporte personal	2,0	1,9	5,3	5,3	3,3	3,4
Augua mineral, refrescos e zumes	2,6	2,5	5,2	4,0	2,6	1,5
Turismo e hostalería	4,8	4,4	5,1	4,7	0,3	0,3
Educación universitaria	5,2	5,2	5,0	5,0	-0,2	-0,2
Mobles e revestimentos de solo	4,1	3,7	4,9	3,8	0,8	0,1
Servizos para o fogar	3,6	4,2	4,8	4,4	1,2	0,2
Legumes e hortalizas frescas	4,9	6,4	4,6	2,4	-0,3	-4,0
Conservación da vivenda	4,8	5,0	4,5	4,0	-0,3	-1,0
Educación infantil e primaria	4,6	4,7	4,3	3,7	-0,3	-1,0
Outros benes e servizos	3,1	4,2	4,3	4,4	1,2	0,2
Educación secundaria	3,9	4,0	4,1	3,0	0,2	-1,0
Bebidas alcólicas	5,2	2,9	3,8	5,0	-1,4	2,1
Tabaco	9,2	8,8	3,5	3,5	-5,7	-5,3
Vivenda en aluguer	3,4	4,4	3,4	4,2	0,0	-0,2
Servizos médicos e similares	3,6	4,2	3,3	4,1	-0,3	-0,1
Transporte público urbán	4,6	4,1	3,3	4,6	-1,3	0,5
Froitas en conserva e frutos secos	-0,9	0,5	3,2	2,1	4,1	1,6
Textís e accesorios para o fogar	3,8	3,0	3,2	2,2	-0,6	-0,8
Utensilios e ferramentas para o fogar	2,4	3,4	3,2	3,2	0,8	-0,2
Calzado de muller	-0,2	0,7	3,1	1,6	3,3	0,9
Artículos de uso persoal	2,5	3,2	3,1	3,1	0,6	-0,1
Crustáceos, moluscos e preparados de peixe	0,4	1,9	3,0	2,6	2,6	0,7
Complementos e reparacións de prendas de vestir	-0,4	-1,6	2,9	2,1	3,3	3,7
Outras carnes	3,1	3,4	2,8	3,8	-0,3	0,4
Outros gastos de ensinanza	2,6	3,3	2,8	3,6	0,2	0,3
Carne de ovino	-1,4	-0,7	2,7	5,3	4,1	6,0
Aceites e graxas	-16,5	-16,8	2,7	2,2	19,2	19,0
Carne de vacún	6,8	6,0	2,5	4,0	-4,3	-2,0
Esparcimento	0,4	3,1	2,5	2,8	2,1	-0,3
Carne de porcino	0,1	2,7	2,4	1,6	2,3	-1,1
Artículos non duradeiros para o fogar	0,8	1,5	2,1	1,9	1,3	0,4
Calzado de neno	1,8	1,6	1,7	1,3	-0,1	-0,3
Publicacións	1,5	1,6	1,7	1,7	0,2	0,1
Sucre	0,6	1,6	0,9	0,3	0,3	-1,3
Calzado de home	2,6	1,9	0,6	1,3	-2,0	-0,6
Prendas de vestir de muller	1,0	1,3	0,2	0,4	-0,8	-0,9
Prendas de vestir de neno e bebé	2,1	1,5	0,2	0,6	-1,9	-0,9
Peixe fresco y conxelado	1,9	2,5	0,1	1,2	-1,8	-1,3
Comunicacións	0,1	0,2	0,0	0,0	-0,1	-0,2
Prendas de vestir de home	0,6	0,5	-0,1	0,2	-0,7	-0,3
Electrodomesticos e reparacións	-0,1	-0,4	-0,7	-0,7	-0,6	-0,3
Patacas e os seus preparados	10,2	8,4	-1,4	-1,7	-11,6	-10,1
Medicamentos e material terapéutico	-5,2	-5,5	-3,0	-3,0	2,2	2,5
Obxectos recreativos	-3,3	-5,6	-5,5	-6,1	-2,2	-0,5
Índice xeral	2,5	2,8	4,2	4,1	1,7	1,3

Fonte: INE

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2008: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
				(taxas de variación anuais)			
Andalucía	-8,0	-1,6	4,3	-2,2	2,2	-6,5	-20,4
Aragón	2,3	2,3	4,0	1,4	0,7	-1,0	13,9
Asturias	9,4	4,8	1,5	5,3	6,5	7,0	16,1
Baleares	7,9	4,7	1,9	5,3	4,2	7,8	14,7
Canarias	-5,2	3,0	13,4	2,5	7,5	7,3	-17,8
Cantabria	10,1	1,6	-2,4	2,9	2,0	15,8	20,3
Castela e León	2,3	1,2	2,8	1,1	1,1	-2,7	16,8
Castela-A Mancha	-2,8	3,4	1,6	3,5	6,5	-1,9	-8,9
Cataluña	2,2	2,3	3,4	2,2	2,3	1,1	5,3
C. Valenciana	-5,8	2,6	4,0	2,4	2,9	3,1	-33,4
Extremadura	8,7	3,6	1,7	3,8	5,3	2,1	14,5
Galicia	-0,2	-1,4	3,0	-1,6	1,7	2,2	-4,0
Madrid	3,3	2,9	3,4	2,8	0,4	2,0	23,6
Murcia	-6,1	2,6	3,7	2,4	6,6	-1,5	-26,7
Navarra	5,1	3,8	2,1	4,3	2,2	7,7	22,8
País Vasco	-1,8	1,6	1,9	1,3	3,4	1,4	-15,7
A Rioxa	5,8	6,9	4,7	7,1	2,7	3,0	22,3
Total	-0,2	1,6	3,0	1,4	2,0	1,1	-7,0

(1) base 2000. Datos correspondentes á medra rexistrada en decembro respecto ao mesmo mes do ano anterior
Fonte: INE

1.2.9.

o do ensino comportáronse, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, coma os compoñentes máis inflacionista en 2008. Na comunidade galega, o incremento medio dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco foi do 7,6% (7,0% de media en España), en tanto que no caso dos hoteis e do ensino estas porcentaxes foron do 5,3% e 3,9%, respectivamente (4,8% e 4,5% en España). Por contra, os menos inflacionistas foron novamente os grupos de medicinas e de ocio e cultura, con niveis de inflación negativos tanto en Galicia como en España.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2008 unha taxa media de crecemento similar en Galicia e en España, cun 3,2% respecto ao ano

anterior (a taxa de variación interanual no mes de decembro foi do 2,4%).

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar que o leite, cun 16%, e os de "calefacción, alumeadado e distribución de auga" e "cereais e derivados", cunhas taxas de variación interanual do 11,3% e 10,3%, respectivamente, rexistraron os incrementos medios máis importantes. Séguelle en importancia, **cadro 1.2.8.**, o pan e os produtos lácteos, cun incremento próximo ao 10%.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.9.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) rexistrou en decembro unha caída do 0,2% respecto

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2005-08

	2005	2006	2007	2008
	(%)			
Galicia				
Total convenios	4,38	4,01	4,96	4,28
Convenios de empresa	3,97	3,36	3,83	3,50
Convenios doutro ámbito	4,44	4,09	5,11	4,37
España				
Total convenios	4,04	3,59	4,21	3,57
Convenios de empresa	3,61	3,15	3,57	3,16
Convenios doutro ámbito	4,09	3,65	4,29	3,61

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

1.2.10.

ao ano 2007, sendo esta porcentaxe similar á rexistrada no conxunto do Estado. Os maiores incrementos experimentáanse nos produtos de bens de consumo duradeiro e de bens intermedios, cunha medra do 3,0% e 2,2%, respectivamente, en tanto que o correspondente aos bens de equipamento foi dun 2%. Por el contrario, os prezos enerxéticos descenderon un 4% e o dos bens de consumo, un 1,4%.

No sector primario, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores no conxunto do Estado medrou no último ano un 3,1%, mentres que os prezos pagados polos bens e servizos de uso corrente e polos bens de investimento, o fixeron nun 16,6% e 6,3%, respectivamente. O incremento do índice xeral de prezos percibidos polos agricultores ven motivado pola medra do 5,3% no caso dos produtos gandeiros como por un crecemento superior ao 3% no caso dos produtos vexetais e agrícolas. O prezo percibido polos produtos forestais aumenta un 1% no último ano.

• Custos e salarios

A diferenza do acontecido en 2007, o aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non

primarios experimentou unha medra do 4,3%, sete décimas por baixo do rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.10.** amosa que estes medraron un 3,5% e 4,4%, respectivamente. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no dos outros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

O custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2008 unha medra que se sitúa novamente por baixo do incremento medio estatal. Segundo reflicte o Índice de costes laborales (INE), tras o incremento do 4,3% respecto ao ano anterior (5,2% no conxunto do Estado), o custo laboral medio ascendeu a 2.049,81 euros (un 14,2% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Estremadura (1.992,03 euros por traballador e mes) e Canarias (2.039,62 euros).

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais

2007

	Galicia			Espana				
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
(en €)								
Custo laboral por trabajador e mes								
Custo total	1.964,92	2.197,00	1.950,48	1.887,50	2.271,88	2.593,35	2.247,22	2.191,76
Custo salarial total	1.436,47	1.625,04	1.340,82	1.392,84	1.676,70	1.907,07	1.565,25	1.638,65
Custo salarial ordinario	1.249,91	1.394,65	1.217,16	1.206,94	1.456,27	1.624,30	1.404,24	1.422,39
Custo por percepciones non salariais	78,95	62,10	130,95	72,96	90,60	107,98	127,15	78,45
Custo por cotizacións obrigatorias	470,29	534,11	501,38	440,86	525,42	605,01	572,24	494,65
Subvencións e bonificacións da S. Social	20,79	24,27	22,66	19,16	20,84	26,70	17,42	19,99
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	14,41	15,40	13,26	14,34	16,81	18,56	15,31	16,67
Custo salarial total por hora	10,54	11,40	9,12	10,59	12,41	13,65	10,67	12,46
Custos salarial ordinario por hora	9,16	9,78	9,78	9,17	10,78	11,63	9,56	10,82
Outros custos por hora	3,88	4,01	4,14	3,76	4,40	4,91	4,64	4,21

2008

	Galicia			España				
	Total	Industria	Construcción	Servicios	Total	Industria	Construcción	Servicios
(en €)								
Custo laboral por trabajador e mes								
Custo total	2.049,81	2.292,20	2.150,23	1.943,07	2.390,40	2.724,85	2.392,17	2.302,96
Custo salarial total	1.498,95	1.685,78	1.463,64	1.441,69	1.762,78	2.005,12	1.656,57	1.719,87
Custo salarial ordinario	1.309,26	1.435,47	1.331,77	1.252,99	1.531,90	1.709,99	1.474,31	1.496,32
Otros custos	550,86	606,42	686,59	501,38	62,62	719,73	735,60	583,09
Custo por percepcións non salariais	83,16	71,68	163,06	69,59	100,69	113,15	152,28	87,69
Custo por cotizacións obrigatorias	486,99	556,63	547,74	450,42	547,18	632,00	600,93	514,81
Subvencións e bonificacións da S. Social	19,29	21,89	18,21	18,62	20,25	25,41	17,62	19,41
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	15,13	16,05	14,62	14,92	17,66	19,51	16,28	17,44
Custo salarial total por hora	11,07	11,80	9,96	11,07	13,02	14,36	11,27	13,03
Custos salarial ordinario por hora	9,66	10,19	9,05	9,62	11,33	12,26	10,04	11,35
Otros custos por hora	4,07	4,24	4,67	3,85	4,64	5,15	5,01	4,42

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta Trimestral de Coste Laboral

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2007-08: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2007

	Total sectores		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
horas pactadas								
Total traballadores	156,8	157,0	165,3	165,1	168,1	169,7	152,1	151,3
Traballadores a tempo completo	169,4	169,9	170,6	170,9	171,1	171,2	168,6	169,2
Traballadores a tempo parcial	87,6	83,6	83,7	96,8	84,9	88,5	88,0	81,7
horas pagadas								
Total traballadores	157,4	157,7	166,3	166,6	168,4	170,1	152,8	151,7
Traballadores a tempo completo	170,1	170,6	171,8	172,5	171,4	171,6	169,3	169,5
Traballadores a tempo parcial	87,8	84,3	83,7	96,8	84,9	88,5	88,2	82,5
horas efectivas								
Total traballadores	135,5	136,5	140,3	142,9	147,2	147,7	131,7	131,8
Traballadores a tempo completo	146,3	147,5	144,7	147,7	149,8	148,9	145,9	147,1
Traballadores a tempo parcial	76,5	74,2	73,9	86,7	75,2	78,9	76,7	72,4
horas non traballadas								
Total traballadores	22,1	21,3	26,3	24,2	21,5	22,6	21,1	20,1
Traballadores a tempo completo	24,1	23,3	27,4	25,3	21,9	22,8	23,6	22,6
Traballadores a tempo parcial	11,4	10,2	9,9	10,3	9,8	9,6	11,6	10,2
horas extras por traballador								
Total traballadores	0,8	0,8	1,3	1,8	0,5	0,5	0,7	0,5
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,3	2,0	0,5	0,6	0,8	0,4
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,7	0,1	0,1	0,0	-	0,3	0,8

2008

	Total sectores		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
horas pactadas								
Total traballadores	156,4	155,3	165,0	165,1	167,9	168,6	152,0	149,0
Traballadores a tempo completo	169,1	170,0	170,5	171,2	170,9	171,1	168,3	169,1
Traballadores a tempo parcial	88,4	84,3	82,7	96,7	86,5	82,3	88,8	82,9
horas pagadas								
Total traballadores	157,0	156,0	165,9	166,6	168,1	169,2	152,6	149,3
Traballadores a tempo completo	169,8	170,5	171,5	172,8	171,2	171,7	169,0	169,2
Traballadores a tempo parcial	88,5	85,3	82,8	97,1	86,6	82,3	89,0	83,9
horas efectivas								
Total traballadores	135,6	135,7	140,2	143,1	147,1	147,4	132,2	130,4
Traballadores a tempo completo	146,4	147,8	144,7	148,0	149,7	149,4	146,2	147,3
Traballadores a tempo parcial	77,7	76,5	73,1	87,8	78,2	75,6	78,0	75,1
horas non traballadas								
Total traballadores	21,6	20,5	26,0	23,9	21,3	22,0	20,5	19,1
Traballadores a tempo completo	23,6	22,9	27,1	25,1	21,8	22,4	22,9	22,2
Traballadores a tempo parcial	10,9	8,8	9,8	9,4	8,5	7,3	11,1	8,8
horas extras por traballador								
Total traballadores	0,7	0,8	1,1	1,7	0,5	0,6	0,7	0,5
Traballadores a tempo completo	0,8	0,8	1,2	1,8	0,5	0,6	0,8	0,4
Traballadores a tempo parcial	0,2	0,9	0,1	0,4	0,1	-	0,3	1,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta Trimestral de Coste Laboral

máis elevados, cunha media de 2.292,20 euros en Galicia, o 84,1% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.150,23 euros (o 89,9% do custo estatal) e os servizos, cun custo medio de 1.943,07 euros (o 84,4% do custo medio en España). O conxunto da actividade do sector da construción presenta incrementos do nivel do custo laboral por traballador e mes superiores aos rexistrados no conxunto do Estado (**cadro 1.2.11.**).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a segunda comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos. Tras unha medra do 4,7%, medio punto por baixo do experimentado en España, estas acadaron en 2008 os 1.309,26 euros (222,64 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, con 1.270,99 euros.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o número de horas efectivamente traballadas descendeu lixeiramente en Galicia (acada as 135,7 horas en 2008), descendendo no conxunto do Estado ata as 135,6 horas. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 147,8 horas efectivamente traballadas (146,4 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 76,5 horas ao mes (77,7 horas no conxunto do Estado).

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construción é o sector que presenta un maior número de

horas pactadas e efectivas, mentres que a industria o é no caso dos traballadores a tempo parcial.

Este descenso do número de horas efectivamente traballadas foi acompañado dunha medra do custo laboral por hora efectiva, que acada un valor monetario de 15,13 euros (17,66 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en “outros custos”.

Mercado de traballo e produtividade

O devandito deterioro do ritmo de crecemento do PIB en Galicia trasladouse directamente ao mercado de traballo ao longo do ano 2008. A modo de síntese, xa que a Memoria presenta un capítulo específico dedicado á análise do emprego, o último ano caracterizouse tanto por un elevado incremento do desemprego, especialmente no segundo semestre do ano, como pola forte minoración no ritmo de crecemento medio anual do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e do número de persoas ocupadas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Tras unha medra da actividade económica galega do 1,8%, dous puntos e dúas décimas inferior á rexistrada en 2007, o número de afiliados en alta laboral aumenta tan só un 0,2% de media (3,6% en 2007) e o número de persoas ocupadas segundo a EPA o fai nun 0,6%, case dous puntos porcentuais menos que no ano precedente. No que atinxe ao desemprego, tralos descensos experimentados en 2007, o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego aumentou en case doce mil persoas (7,9%) e o número de

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2007-08:
distribución segundo sectores**

		2007		2008	
		Galicia	España	Galicia	España
Producción (prezos correntes)					
PIB prezos de mercado		53.829.139	1.050.595.000	56.419.087	1.095.163.000
VEB sector primario	(en miles de euros)	2.242.707	27.087.000	2.267.227	27.779.000
VEB industria		9.210.693	164.813.000	9.835.991	173.713.000
VEB construción		6.663.917	115.519.000	6.833.788	115.930.000
VEB servizos		30.147.863	634.583.000	32.714.888	685.204.000
Emprego					
Total		1.193,4	20.356,0	1.200,2	20.257,6
Sector primario	(en miles de persoas)	103,1	925,5	93,8	818,9
Industria		217,4	3.261,8	215,9	3.198,9
Construción		147,3	2.697,4	134,1	2.453,4
Servizos		725,7	13.471,3	756,4	13.786,4
Produtividade aparente (p. correntes)					
Total		45.106,64	51.611,14	47.008,07	54.061,83
Sector primario	(prezos correntes) (en € por ocupado)	21.752,74	29.266,63	24.170,86	33.922,33
Industria		42.377,24	50.528,62	45.558,09	54.303,98
Construción		45.248,12	42.826,85	50.960,39	47.252,79
Servizos		41.546,01	47.106,21	43.250,78	49.701,44
Produtividade aparente (p. correntes)					
Total		87,4	100	87,0	100
Sector primario	(prezos correntes) (%)	74,3	100	71,3	100
Industria		83,9	100	83,9	100
Construción		105,7	100	107,8	100
Servizos		88,2	100	87,0	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta Trimestral de Coste Laboral e Encuesta de Población Activa

1.2.13.

parados estimados pola EPA, en 16.000 persoas (16,3% respecto ao ano anterior). A taxa de paro medrou en Galicia ata o 8,7%, máis de dous puntos por riba da media española.

Ao longo do exercicio 2008, a medida que aumenta a desaceleración económica, o incremento da ocupación se resinte máis, acadando no derradeiro trimestre do ano taxas de variación negativas tanto no caso das afiliacións como da ocupación estimada. Asemade, a poboación parada segundo a EPA presenta unha taxa de variación interanual no terceiro trimestre do ano do 28,5%, superando o 30% no derradeiro trimestre (33,7%), situándose estas porcentaxes

no 8,9% e 18,7%, respectivamente, no caso do paro rexistrado.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e a poboación ocupada, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar en 2008, tanto en Galicia como en España, en todos os sectores. No conxunto da economía galega, a medra foi do 4,2%, medio punto por baixo da medra española. Ao igual que no ano precedente, a comunidade galega presenta incrementos superiores á media estatal no caso do sector da construción, sendo inferiores nos sectores primario e servizos.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 87% da media estatal, catro décimas por baixo da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.13.**, o sector da construción segue sendo o único que presenta unha produtividade aparente superior á media estatal, mentres que no sector primario, esta se sitúa máis de vinte e cinco puntos por baixo da media de España. A produtividade no conxunto das actividades industriais mantense en 2008 no mesmo nivel que no ano anterior.

Xunto ao mantemento da ocupación e o forte incremento do desemprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.6.** [*Evolución do mercado de traballo en Galicia e España 2007-08*] reflicten un importante incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos, así como unha caída do 2,4% do número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón e de case un 20% no das sociedades mercantís creadas no último ano. ■



1.3.- Poboación

A pesar dunha medra superior aos 10.600 habitantes ao longo do ano 2008, Galicia continuou co preocupante e paulatino descenso do peso relativo da súa poboación no total español, que pasa do 6,03% segundo os datos a un de xaneiro de 2008 ao 5,99% da mesma data de 2009. O número de persoas empadroadas na comunidade autónoma a principios de ano era de 2.794.7960, un 0,4% máis que no ano anterior.

Este incremento de habitantes ven explicado na súa meirande parte polo aumento da poboación estranxeira. Mentres que a poboación empadroada medrou en 10.627 persoas, poboación estranxeira se incrementou en 10.561 persoas. Con todo, a poboación foránea representa soamente o 3,8% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe máis de oito puntos porcentuais inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira en Galicia no conxunto do Estado foi do 1,9% (106.129 persoas).

Estrutura e distribución da poboación

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2009 medrou un 0,4% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.794.796 habitantes (10.627 persoas máis que en xaneiro de 2008). Tendo en conta que a poboación empadroada no conxunto do Estado continúa medrando moi por riba do rexistrado en Galicia (1,1%), o peso relativo da poboación galega no total estatal volveu a descender ao longo do último ano, representando o 5,99% en xaneiro de 2009, fronte ao 6,03% do ano anterior.

A mesma tendencia rexístrase tanto no caso dos galegos como das galegas, que a un de xaneiro de 2009, representan o 5,85% dos homes e o 6,13% das españolas, cando no mesmo período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 5,88% e 6,18%, respectivamente.

Ao igual que acontecera nos últimos anos, rexístrase unha lixeira medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Esta última provincia rexistrou o maior crecemento, con 6.165 residentes máis, sendo a medra de 5.675 persoas no caso de A Coruña. Tras o descenso do número de habitantes empadroados en Lugo e Ourense, con 687 e 526 habitantes menos, respectivamente, o 75,3% da poboación galega reside en municipios de A Coruña e Pontevedra.

O volume de poboación maior de 65 anos segue aumentando no derradeiro ano analizado. O Padrón municipal de habitantes indica que o primeiro de xaneiro de 2009 estaban empadroados en Galicia un total de 611.774 persoas cunha idade superior aos 65 anos, case nove mil máis que na mesma data do ano anterior, o que representa o 21,9% da poboación galega. O número de nenos menores de nove anos aumentou en Galicia en 5.566 habitantes, acadando os 213.951 mozos, o 7,6% da poboación galega.

Os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2008 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-costa residían 1.965.482 habitantes (12.138 persoas máis que no ano anterior), o que representa o 70,6% da poboación

Poboación de dereito nas CC.AA. 2008-09 ⁽¹⁾

	2008			2009			09/08			Mulleres		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	(%)	(número)	(%)	(número)
Andalucía	8.202.220	4.071.500	4.130.720	93,6	8.285.692	4.114.147	4.171.545	94,6	1,0	83.472	1,0	42.647
Aragón	1.326.918	664.403	662.515	27,8	1.342.926	673.377	669.549	28,1	1,2	16.008	1,1	8.974
Asturias	1.080.138	518.291	561.847	101,9	1.085.110	521.214	563.896	102,3	0,6	4.972	0,6	2.923
Baleares	1.072.844	540.395	532.449	214,9	1.094.972	552.190	542.782	219,3	2,1	22.128	2,2	11.795
Canarias	2.075.968	1.040.137	1.035.831	278,8	2.088.593	1.050.801	1.047.992	281,8	1,1	22.635	1,0	10.464
Cataluña	862.138	286.669	296.669	109,4	869.043	289.215	299.828	110,7	1,2	6.905	1,3	3.746
Castela e León	2.557.330	1.269.338	1.287.992	27,1	2.560.031	1.271.564	1.288.447	27,2	0,1	2.701	0,2	2.246
Castela-A Mancha	2.043.100	1.033.131	1.009.969	25,7	2.079.401	1.052.420	1.026.981	26,2	1,8	36.301	1,9	19.289
Cataluña	7.364.078	3.661.028	3.703.050	229,3	7.467.423	3.713.660	3.753.763	232,5	1,4	103.345	1,4	52.632
C. Valenciana	5.029.601	2.508.433	2.521.168	216,3	5.084.502	2.535.807	2.548.695	218,6	1,1	54.901	1,1	27.374
Extremadura	1.097.744	546.192	551.552	26,4	1.100.000	547.426	552.574	26,4	0,2	2.256	0,2	1.234
Galicia	2.784.169	1.344.268	1.439.901	94,1	2.794.796	1.350.605	1.444.191	94,5	0,4	10.627	0,5	6.337
A Coruña	1.139.121	548.037	591.084	143,3	1.144.796	550.920	593.876	144,0	0,5	5.675	0,5	2.883
Lugo	355.549	172.914	182.635	48,9	354.862,0	172.929,0	181.933,0	48,8	-0,2	-	687	0
Ourense	336.099	161.848	174.251	34,1	335.573,0	161.768,0	173.805,0	34,0	-0,2	-	80	-
Pontevedra	953.400	461.489	491.911	212,1	959.565,0	464.988,0	494.577,0	213,5	0,6	6.165	0,8	3.519
Madrid	6.271.638	3.040.658	3.230.980	774,5	6.360.241	3.082.872	3.277.369	785,4	1,4	88.603	1,4	42.214
Murcia	1.426.109	722.999	703.110	126,0	1.445.410	732.090	713.320	127,8	1,4	19.301	1,3	9.091
Navarra	620.377	310.282	310.095	59,7	629.569	315.216	314.353	60,6	1,5	9.192	1,6	4.934
País Vasco	2.157.112	1.055.156	1.101.962	298,1	2.171.243	1.062.533	1.108.710	300,1	0,7	14.131	0,7	7.383
A La Rioja	317.501	160.341	157.159	62,9	321.025	162.078	158.947	63,6	1,1	3.524	1,1	1.736
C. de Aragón	77.389	39.385	38.004	407,3	78.591	40.101	38.490	413,64	1,6	1.202	1,8	716
Castela	71.448	36.336	35.112	54,960	73.382	37.360	36.022	56,448	2,7	1.934	2,8	1.024
Méllila												
Total	46.157.822	22.847.737	23.310.085	91,2	46.661.950	23.104.496	23.557.454	92,2	1,1	504.128	1,1	256.759
Galicia / España (%)	6,03	5,88	6,18		5,99	5,85	6,13					

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE

Poboación de dereito nas comarcas 2007-08 ⁽¹⁾

Comarcas	2007			2008			08/07	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)	(total)
A Coruña	1.132.792	544.352	588.440	1.139.121	548.037	591.084	0,6	6.329
Arzúa	18.084	8.938	9.146	17.880	8.842	9.038	-1,1	-204
Barbanza	67.205	32.844	34.361	67.672	33.111	34.561	0,7	467
A Barcala	11.126	5.333	5.793	11.101	5.318	5.783	-0,2	-25
Bergantiños	69.960	34.262	35.698	70.288	34.520	35.768	0,5	328
Betanzos	39.261	19.218	20.043	39.460	19.402	20.058	0,5	199
A Coruña	384.616	182.754	201.862	389.289	185.040	204.249	1,2	4.673
Eume	27.309	13.491	13.818	27.024	13.393	13.631	-1,0	-285
Ferrol	162.929	77.926	85.003	163.158	78.215	84.943	0,1	229
Fisterra	23.966	11.722	12.244	23.871	11.664	12.207	-0,4	-95
Muros	14.948	7.213	7.735	14.761	7.150	7.631	-1,1	-167
Noia	36.144	17.430	18.714	35.969	17.368	18.601	-0,5	-175
Ordes	38.412	18.814	19.598	38.608	18.949	19.659	0,5	196
Ortegal	15.218	7.351	7.867	14.940	7.223	7.717	-1,8	-278
Santiago	156.833	74.475	82.358	158.875	75.489	83.386	1,3	2.042
O Sar	17.117	8.201	8.916	17.052	8.177	8.875	-0,4	-65
Terra de Melide	13.709	6.852	6.857	13.560	6.798	6.762	-1,1	-149
Terra de Soneira	20.188	9.904	10.284	19.966	9.805	10.161	-1,1	-222
Xallas	15.767	7.624	8.143	15.627	7.573	8.054	-0,9	-140
Lugo	355.176	172.422	182.754	355.549	172.914	182.635	0,1	373
Os Ancares	12.483	6.524	5.959	12.289	6.444	5.845	-1,6	-194
Chantada	15.573	7.548	8.025	15.363	7.456	7.907	-1,3	-210
A Fonsagrada	6.628	3.461	3.167	6.500	3.404	3.096	-1,9	-128
Lugo	117.389	55.721	61.668	118.631	56.347	62.284	1,1	1.242
A Mariña Central	30.421	14.859	15.562	30.566	14.972	15.594	0,5	145
A Mariña Occidental	27.443	13.402	14.041	27.660	13.616	14.044	0,8	217
A Mariña Oriental	17.372	8.287	9.085	17.460	8.371	9.089	0,5	88
Meira	6.032	2.973	3.059	5.974	2.966	3.008	-1,0	-58
Quiroga	6.441	3.152	3.289	6.337	3.088	3.249	-1,6	-104
Sarria	25.279	12.524	12.755	25.091	12.413	12.678	-0,7	-188
Terra Chá	45.939	22.625	23.314	45.623	22.483	23.140	-0,7	-316
Terra de Lemos	33.839	16.260	17.579	33.786	16.317	17.469	-0,2	-53
A Ulloa	10.337	5.086	5.251	10.269	5.037	5.232	-0,7	-68
Ourense	336.926	162.026	174.900	336.099	161.848	174.251	-0,2	-827
Allariz-Maceda	15.015	7.336	7.679	15.156	7.444	7.712	0,9	141
Baixa Limia	9.014	4.319	4.695	8.762	4.215	4.547	-2,8	-252
O Carballiño	29.759	14.142	15.617	29.794	14.214	15.580	0,1	35
A Limia	23.918	11.753	12.165	23.799	11.715	12.084	-0,5	-119
Ourense	144.236	68.165	76.071	144.370	68.195	76.175	0,1	134
O Ribeiro	19.655	9.363	10.292	19.582	9.404	10.178	-0,4	-73
Terra de Caldelas	4.029	2.005	2.024	3.902	1.947	1.955	-3,2	-127
Terra de Celanova	21.636	10.343	11.293	21.474	10.274	11.200	-0,7	-162
Terra de Trives	5.218	2.646	2.572	5.116	2.583	2.533	-2,0	-102
Valdeorras	28.740	14.197	14.543	28.556	14.104	14.452	-0,6	-184
Verín	28.548	14.093	14.455	28.541	14.145	14.396	0,0	-7
Viana	7.158	3.664	3.494	7.047	3.608	3.439	-1,6	-111
Pontevedra	947.639	458.359	489.280	953.400	461.469	491.931	0,6	5.761
O Baixo Miño	49.516	24.218	25.298	50.012	24.527	25.485	1,0	496
Caldas	35.108	16.901	18.207	35.282	17.027	18.255	0,5	174
O Condado	41.714	20.431	21.283	42.425	20.846	21.579	1,7	711
Deza	44.870	21.957	22.913	45.043	22.113	22.930	0,4	173
O Morrazo	82.314	40.802	41.512	82.500	40.877	41.623	0,2	186
A Paradanta	16.796	8.103	8.693	16.637	8.074	8.563	-0,9	-159
Pontevedra	121.275	58.110	63.165	122.137	58.577	63.560	0,7	862
O Salnés	109.283	53.138	56.145	110.233	53.634	56.599	0,9	950
Taboíros-Terra de Montes	28.738	13.550	15.188	28.572	13.527	15.045	-0,6	-166
Vigo	418.025	201.149	216.876	420.559	202.267	218.292	0,6	2.534
Galicia	2.772.533	1.337.159	1.435.374	2.784.169	1.344.268	1.439.901	0,4	11.636

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
 Fonte: IGE

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2007-08⁽¹⁾

	2007		2008		08/07		Concellos >10.000 habs.
		(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)	
A Coruña	788.833	69,6	797.129	70,0	8.296	1,1	22
Lugo	157.650	44,4	159.836	45,0	2.186	1,4	5
Ourense	158.980	47,2	159.350	47,4	370	0,2	5
Pontevedra	771.241	81,4	776.202	81,4	4.961	0,6	24
Total	1.876.704	67,7	1.892.517	68,0	15.813	0,8	56

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE

1.3.3.

galega. Pola contra, e a pesar dunha medra superior ás catro mil persoas no caso da poboación estranxeira, volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (502 empadroados menos), acadando os 818.687 habitantes segundo os datos do Padrón de 2008.

Das vinte e dúas comarcas galegas nas que medra a poboación, **cadro 1.3.2.**, sete pertencen á denominada Galicia interior: as comarcas de Ordes (A Coruña), Lugo (Lugo), Allariz-Maceda, O Carballiño e Ourense, na provincia de Ourense, e O Condado e Deza, en Pontevedra. Das outras quince comarcas, seis pertencen á provincia de Pontevedra (O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo); seis á de A Coruña (Barbanza, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Ferrol e Santiago); e tres, á provincia de Lugo (A Mariña Central, Oriental e Occidental).

Se por núcleo urbano se entende todo aquel municipio con máis de dez mil habitantes empadroados, nos 56 concellos galegos considerados como tais reside o 68% da poboación galega (1.892.517 persoas). Os

datos do Padrón reflicten que Galicia continúa o proceso de abandono dos núcleos rurais, xa que mentres que a poboación nos concellos con máis de 10.000 habitantes medra en 15.813 persoas, a Galicia rural acolle no derradeiro ano un total de 902.229 persoas, 4.117 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo menos da metade dos habitantes o fan nestes núcleos de poboación (o 47,4% e 45% dos habitantes, respectivamente).

Ao igual que o acontecido no ano anterior, e por mor da influencia do aumento da poboación estranxeira (4.296 estranxeiros máis), o número de persoas residentes nos sete grandes núcleos urbanos medrou lixeiramente entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2008, a poboación empadroada nestes concellos ascendeu a 993.124 persoas, o 35,8% da poboación galega, rexistrándose un incremento de

Poboación das sete grandes cidades 2006-08⁽¹⁾

	2006	2007	2008	08/07	
				(%)	(total)
Vigo	293.255	294.772	295.703	0,3	931
A Coruña	243.320	244.388	245.164	0,3	776
Ourense	108.137	107.186	107.057	-0,1	-129
Lugo	93.450	93.853	95.416	1,7	1.563
Santiago	93.458	93.712	94.339	0,7	627
Pontevedra	80.096	80.202	80.749	0,7	547
Ferrol	76.399	75.181	74.696	-0,6	-485
Total	988.115	989.294	993.124	0,4	3.830
Total / total C.A. (%)	35,9	35,8	35,8		

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
 Fonte: IGE

1.3.4.

3.380 habitantes. Destas grandes cidades de Galicia, Ferrol e Ourense continúan rexistrando unha caída da súa poboación, cunha redución de 485 e 129 habitantes entre o 1 de xaneiro de 2007 e 2008. Pola contra, os incrementos máis acusados déronse en Ferrol e Vigo, con 1.563 e 931 habitantes máis, respectivamente (**cadro 1.3.4.**).

• Poboación estranxeira empadroada

O último ano presentou un forte crecemento do número de estranxeiros empadroados en Galicia, que se sitúa nos 106.129 habitantes, o 3,8% da poboación galega empadroada o 1 de xaneiro de 2009 (no conxunto do Estado representa o 12%).

Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia en 10.561 persoas, polo que o incremento da poboación galega entre o un de xaneiro de 2008 e 2009 ven explicado, na súa meirande parte, pola medra da poboación foránea (a poboación total en Galicia incrementouse en 10.627 persoas).

En termos relativos, a poboación estranxeira medra un 11,1% respecto aos datos do Padrón do ano 2008, sendo esta medra do 12% no caso dos homes (5.752 mulleres máis) e do 10,1% no das mulleres (4.809 varóns máis). O **cadro 1.3.5.** indica que Galicia acolle o 1,9% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 6% da poboación española.

Pontevedra segue sendo a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 39.431 persoas, seguida de A Coruña, cun total de 37.733 estranxeiros. Dos datos dos últimos padróns municipais de habitantes, cómpre salientar novamente a forte taxa de crecemento da poboación estranxeira en Lugo, cun incremento de case o 16% (19,3% no caso dos homes). En termos absolutos, os maiores incrementos rexistráronse en A Coruña e Pontevedra, con 4.022 e 3.162 persoas máis, respectivamente.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total

Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2009

	Total	Estranxeiros Homes	Mulleres	Total	Poboación total Homes	Mulleres	estranxeiros / total (%)
España	5.598.691	2.973.707	2.624.984	46.661.950	23.104.496	23.557.454	12,0
Galicia	106.129	53.601	52.528	2.794.796	1.350.605	1.444.191	3,8
A Coruña	37.733	18.216	19.517	1.144.796	550.920	593.876	3,3
Lugo	13.419	7.195	6.224	354.862	172.929	181.933	3,8
Ourense	15.546	7.876	7.670	335.573	161.768	173.805	4,6
Pontevedra	39.431	20.314	19.117	959.565	464.988	494.577	4,1
(%)							
Galicia / España	1,9	1,8	2,0	6,0	5,8	6,1	
A Coruña / Galicia	35,6	34,0	37,2	41,0	40,8	41,1	
Lugo / Galicia	12,6	13,4	11,8	12,7	12,8	12,6	
Ourense / Galicia	14,6	14,7	14,6	12,0	12,0	12,0	
Pontevedra / Galicia	37,2	37,9	36,4	34,3	34,4	34,2	

Fonte: INE

1.3.5.

empadroada, o 4,6% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 4,1% en Pontevedra, do 3,8% en Lugo e 3,3% en A Coruña. A pesar do seu crecemento, Lugo segue sendo a provincia co menor número de estranxeiros empadroados, con 13.419 persoas (1.837 máis que o primeiro de xaneiro de 2008).

O 19,2% dos estranxeiros empadroados en Galicia son de nacionalidade portuguesa, representando o 11,1% aqueles procedentes de Brasil e máis dun 8% os de Colombia. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia representan o 14,6% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 11,6% no caso da comunidade cabo verdiana, do 9,1% no das persoas procedentes de Brasil e do 8,6% no caso das persoas de nacionalidade uruguaia.

De xeito similar á distribución da poboación galega, case tres cuartas partes dos estranxeiros empadroados o están nas provincias de Pontevedra e A Coruña (72,7% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, xa que o 43% dos estranxeiros empadroados nesa provincia proveñen de Portugal.

Movemento natural da poboación

O número medio de fillos por muller en Galicia situouse no último ano en 1,12, lonxe da media a nivel estatal que ascende a 1,46. Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, con 1,20 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 1,14 fillos por muller. Ao igual que o acontecido nos últimos anos, a idade media á maternidade en Galicia (31,4 anos) situouse por riba da media estatal (30,9 anos).

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2003-08 ⁽¹⁾

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	1,00	1,00	1,02	1,03	1,05	1,12
A Coruña	0,98	1,00	1,02	1,04	1,04	1,14
Lugo	0,87	0,85	0,89	0,88	0,94	0,96
Ourense	0,92	0,86	0,87	0,93	0,94	0,99
Pontevedra	1,09	1,10	1,11	1,11	1,13	1,20
España	1,31	1,33	1,35	1,38	1,40	1,46

(1) os datos de 2008 son provisionais
Fonte: INE

1.3.6.**Nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2007-08: taxas ⁽¹⁾**

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008
Andalucía	5,01	4,91	12,02	12,42	8,16	8,13
Aragón	4,13	3,97	10,00	10,46	10,32	10,17
Asturias	4,59	4,99	7,40	7,88	11,96	12,00
Baleares	4,22	3,96	11,59	11,94	7,03	7,48
Canarias	3,17	3,09	9,78	9,99	6,51	6,62
Cantabria	5,20	5,46	9,49	10,04	9,90	9,79
Castela e León	3,94	4,57	8,06	8,53	10,98	10,77
Castela - A Mancha	4,60	4,87	10,70	11,05	9,30	8,94
Cataluña	4,26	4,07	11,73	12,29	8,37	8,35
C. Valenciana	4,60	4,16	11,29	11,54	8,28	8,23
Extremadura	4,10	4,72	9,27	10,04	9,99	9,50
Galicia	4,07	4,23	7,97	8,50	11,05	10,84
Madrid	4,58	3,38	12,24	12,59	6,77	6,67
Murcia	4,77	3,99	13,36	13,56	7,23	7,29
Navarra	4,50	4,46	10,98	11,60	8,60	8,79
País Vasco	4,25	4,36	9,67	10,08	9,04	9,05
A Rioxa	4,38	4,18	10,58	11,07	9,20	9,17
Ceuta	5,20	5,53	15,82	20,80	7,48	6,41
Melilla	7,68	5,91	16,26	20,87	6,33	6,71
España	4,49	4,23	10,98	11,38	8,59	8,47

(1) taxas por 1000 habitantes; os datos de 2008 son provisionais
Fonte: INE

1.3.7.**Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2007-08 ⁽¹⁾**

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008
A Coruña	5.024	5.022	9.091	9.866	12.484	12.232	-3.393	-2.366
Lugo	1.259	1.263	2.179	2.207	4.698	4.641	-2.519	-2.434
Ourense	1.449	1.272	2.068	2.163	4.603	4.517	-2.535	-2.354
Pontevedra	4.225	4.118	8.507	9.045	8.378	8.278	129	767
Total	11.957	11.675	21.845	23.281	30.163	29.668	-8.318	-6.387
España	203.697	196.613	491.183	518.967	384.442	385.954	106.741	133.013

(1) os datos de 2008 son provisionais
Fonte: INE

1.3.8.

A pesar de que a taxa da natalidade en Galicia volve a medrar en 2008, situándose nos 8,50 nacementos por cada 1.000 habitantes (7,97 nacementos do ano anterior), esta se mantén moi por baixo da media española, que é de 11,38 nacementos por cada mil habitantes. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia segue presentando un índice tan só superior ao rexistrado en Asturias (7,88).

En termos absolutos, **cadro 1.3.8.**, naceron en Galicia un total de 23.281 nenos (1.436 nacementos máis que no ano anterior) o que representan o 4,5% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 9.866 e 9.045 nacementos, respectivamente, acollendo en conxunto o 81,2% do total galego.

A taxa de mortalidade descendeu no conxunto de Galicia ata as 10,84 defuncións por cada mil habitantes (11,05 no ano anterior), moi por riba das 8,47 defuncións por cada mil habitantes do conxunto do Estado (8,59 defuncións en 2007). Un ano máis, Galicia sitúase como a segunda comunidade autónoma coa ratio máis elevada, tan só superada por Asturias, con 12 falecementos por cada mil habitantes.

Xunto a este comportamento da taxa de mortalidade, cómpre salientar a medra da taxa de mortalidade infantil en Galicia, que pasa dos 3,31 falecementos por cada 1.000 nacementos a un de xaneiro de 2008 (3,46 falecementos no conxunto do Estado) aos 3,48 do 2008 (3,54 en España). Asemade, destaca o descenso rexistrado en Pontevedra, que acada unha taxa

de 1,77 mortes por cada mil nacementos. Pola contra, Ourense, tras unha medra de 1,7 puntos, presenta un índice de 5,09 falecementos, por diante de A Coruña, con 4,97 falecementos por cada mil nacementos.

No ano 2008 producíronse en Galicia un total de 29.668 defuncións, 495 menos que no ano anterior, representando o 7,7% do total de defuncións habidas en España no último ano. Os datos recollidos no devandito **cadro 1.3.8.** amosan que este descenso se produce en todas as provincias galegas. Tras esta evolución, A Coruña rexistrou un total de 12.232 falecementos, seguida de Pontevedra con 8.278 mortes, e Lugo e Ourense, con 4.641 e 4.517 defuncións, respectivamente.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo. Mentres que no conxunto do Estado o saldo é positivo (133.013), Galicia presenta un novo valor negativo (-6.387). En 2008 o saldo vexetativo é negativo en tres das catro provincias, mentres que Pontevedra acada un saldo positivo de 767.

Ao longo do ano 2007 (último dato dispoñible) aumenta lixeiramente o número de interrupcións voluntarias de embarazo, que se sitúa 4,51 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos. Pola contra, no conxunto do Estado esta ratio aumenta dende as 10,62 interrupcións voluntarias en 2006 ata as 11,49 interrupcións rexistradas en 2007. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.3.10.**, Galicia presenta unha ratio número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44

Mortalidade infantil en Galicia e España 2005-08: taxas ⁽¹⁾

	2005	2006	2007	2008
Galicia	3,18	3,41	3,31	3,48
A Coruña	3,86	3,56	4,43	4,97
Lugo	1,94	4,89	4,13	2,27
Ourense	1,57	2,94	3,38	5,09
Pontevedra	3,13	3,00	1,89	1,77
España	3,78	3,53	3,46	3,54

(1) mortalidade infantil por cada 1.000 nacementos; os datos de 2008 son provisionais
 Fonte: INE

1.3.9.**Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2006-07:
distribución segundo C.A. de residencia**

	2006	2007
(Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos)		
Andalucía	10,46	11,22
Aragón	11,85	11,91
Asturias	8,33	7,72
Baleares	14,00	14,91
Canarias	8,87	10,74
Cantabria	4,86	4,63
Castela - A Mancha	6,71	8,20
Castela e León	6,40	6,38
Cataluña	13,57	14,31
Comunidade Valenciana	9,92	10,46
Extremadura	5,19	5,46
Galicia	4,40	4,51
Madrid	14,18	16,00
Murcia	13,10	14,80
Navarra	5,31	5,65
País Vasco	5,99	6,84
A Ríoxa	8,25	8,64
Ceuta e Melilla	2,66	3,74
Total	10,62	11,49

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo

1.3.10.**Títulos de familia numerosa 2008 ⁽¹⁾**

	categoría xeral	categoría especial	Total
A Coruña	7.166	471	7.637
Lugo	1.640	111	1.751
Ourense	1.429	173	1.602
Pontevedra	7.087	518	7.605
Total	17.322	1.273	18.595

(1) títulos en vigor a 31 de decembro de 2008
 Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

1.3.11.

anos, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla (3,74).

O número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2008 medrou de xeito importante respecto á mesma data do ano anterior, ascendendo ata os 18.595 títulos (836 títulos máis), dos que 17.322 son títulos de categoría xeral (745 títulos máis). Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 7.637 e 7.605 títulos respectivamente, o que supón que ambas as dúas provincias acollen o 82% do total de títulos de familia numerosa en vigor. ■

1.4.- Converxencia

A **actividade produtiva da economía** de Galicia experimentou ao longo do período 2000-2008 unha taxa de crecemento medio anual similar á media española, situándose a medra media anual acumulativa da poboación e do emprego por baixo da media española. Os datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE) reflicten que o PIB galego e español medraron nese período a un ritmo do 3,1% anual, sendo o crecemento do emprego do 2,0%, medio punto menos que no conxunto do Estado, e o da poboación do 0,2%, 1,4 puntos menos que en España.

Tras esta evolución, o **cadro 1.4.1.** amosa o descenso da importancia relativa da poboación galega, manténdose o do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Tendo en conta a caída da ocupación no conxunto do Estado e o seu lixeiro incremento en Galicia, por segundo ano consecutivo se frea a caída do peso relativo do emprego.

En termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española e europea (UE-27). Este indicador sitúase no 85,8% da media española, máis de oito puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000. En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE=100), o PIB nominal por habitante acadou en 2006 (último dato dispoñible) un valor de 86,5%, situándose este indicador nos 104,1 puntos no conxunto do Estado.

Converxencia coa media estatal

A economía galega experimentou no ano 2008 un


crecemento superior á media española, cunha medra do seu PIB a prezos de mercado (prezos constantes) do 1,8%, seis décimas máis que o rexistrado no conxunto do Estado.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano continúa o proceso de achegamento á media española. En 2008, este indicador acada os 85,8 puntos (España = 100), un punto e medio superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% ata o devandito 85,8%. Esta converxencia considérase pasiva, xa que se produce por mor da perda do peso poboacional de Galicia no conxunto do Estado, mentres que a actividade económica medra a un ritmo similar.

Tras esta evolución, Galicia mantense como a quinta comunidade autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (70,1% do valor español), Castela-A Mancha (76,9%), Andalucía (77%) e Murcia (82%).

No que atinxe á variable da Renda Familiar Bruta (RFB) en poder de compra, esta ascendeu en 2008 ata os 16.798 euros, o que representa o 97,8% da media estatal. Comparado coas outras CC.AA., Galicia é a oitava comunidade autónoma con menor ratio, por diante de Murcia, Andalucía, a C. Valenciana, Canarias, Estremadura, Castela-A Mancha e Baleares. Os datos recollidos no **cadro 1.4.3.** amosan que, en relación ao ano 2000, Galicia rexistrou un avance superior aos nove puntos, medrando dende o 88,6% dese ano ata o 97,8% do último ano.

Participación da produción⁽¹⁾, a poboación e o emprego ⁽²⁾ galego no total español 2002-08



(1) PIB a prezos de mercado. Prezos correntes

(2) poboación afiliada á Seguridade Social

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.4.1.

Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a Unión Europea 2000-2008

	PIBR por habitante ⁽¹⁾					PIB por habitante (poder de compra)				
	2000	2007	2008	08/00	08/07	2000	2005	2006	06-00	06-05
	(2)	(3)	(3)	(variación absoluta)	(variación absoluta)	(media UE-27=100)	(media UE-27=100)	(media UE-27=100)	(variación absoluta)	(variación absoluta)
<i>(media española= 100)</i>										
Andalucía	73,7	77,5	77,0	3,3	-0,5	71,9	79,2	80,8	8,9	1,6
Aragón	104,5	109,4	109,6	5,0	0,2	102,0	108,7	111,7	9,7	3,0
Asturias	83,6	92,2	93,9	10,3	1,8	81,5	90,1	94,2	12,7	4,1
Baleares	123,2	108,2	108,1	-15,1	-0,1	120,2	113,6	114,1	-6,1	0,5
Canarias	94,8	88,3	87,9	-7,0	-0,4	92,5	92,5	92,6	0,1	0,1
Cantabria	93,5	100,1	102,0	8,5	1,9	91,2	100,5	102,9	11,7	2,4
Castela e León	90,5	96,9	97,3	6,8	0,4	88,3	96,5	99,2	10,9	2,7
Castela-A Mancha	78,6	78,1	76,9	-1,7	-1,2	76,7	79,7	81,1	4,4	1,4
Cataluña	121,8	117,2	117,0	-4,9	-0,3	118,9	120,7	122,8	3,9	2,1
C. Valenciana	96,5	90,6	89,4	-7,1	-1,3	94,1	94,1	95,4	1,3	1,3
Extremadura	63,7	68,8	70,1	6,4	1,3	62,1	69,3	70,6	8,5	1,3
Galicia	77,7	84,3	85,8	8,1	1,5	75,8	83,3	86,5	10,7	3,2
A Coruña	79,9	-	-	-	-	78,0	87,6	90,3	12,3	2,7
Lugo	74,1	-	-	-	-	72,3	81,0	84,3	12,0	3,3
Ourense	70,3	-	-	-	-	68,6	73,9	75,5	6,9	1,6
Pontevedra	79,3	-	-	-	-	77,4	82,4	86,6	9,2	4,2
Madrid	136,0	129,9	129,5	-6,4	-0,4	132,7	133,1	135,7	3,0	2,6
Murcia	83,9	82,5	82,0	-1,9	-0,6	81,9	86,0	87,1	5,2	1,1
Navarra	127,3	126,2	127,5	0,1	1,2	124,2	128,3	130,8	6,6	2,5
País Vasco	122,5	130,1	133,8	11,2	3,7	119,6	129,3	133,7	14,1	4,4
A Rioxa	113,9	107,4	107,8	-6,1	0,5	111,1	109,6	111,7	0,6	2,1
Ceuta	85,2	92,6	92,9	7,8	0,3	83,2	92,1	94,6	11,4	2,5
Melilla	84,4	90,5	89,5	5,1	-1,0	82,4	90,6	94,0	11,6	3,4
Total	100	100	100			97,6	102,0	104,1	6,5	2,1

(1) datos do INE, Contabilidad Regional de España base 2000. Serie 2000-2007 (prezos correntes)

(2) avance

(3) primeira estimación

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España e Eurostat

1.4.2.

Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-08

	2000	2008	2000	2008	Diferencial 2008 - 2000	
	(en €)		(media española= 100)		(en €)	(puntos porcentuais)
Andalucía	9.592	14.135	79,9	82,3	4.543	2,4
Aragón	13.416	19.311	111,8	112,4	5.895	0,6
Asturias	11.199	17.632	93,3	102,6	6.433	9,3
Baleares	13.797	16.756	115,0	97,5	2.959	-17,4
Canarias	11.258	15.741	93,8	91,6	4.483	-2,2
Cantabria	12.037	18.184	100,3	105,9	6.147	5,5
Castela-A Mancha	11.058	16.279	92,2	94,8	5.221	2,6
Castela e León	12.083	18.688	100,7	108,8	6.605	8,1
Cataluña	13.467	18.103	112,2	105,4	4.636	-6,8
C. Valenciana	11.446	15.373	95,4	89,5	3.927	-5,9
Extremadura	9.600	16.105	80,0	93,8	6.505	13,8
Galicia	10.633	16.798	88,6	97,8	6.165	9,2
Madrid	14.478	20.281	120,7	118,1	5.803	-2,6
Murcia	10.318	13.866	86,0	80,7	3.548	-5,3
Navarra	14.682	21.471	122,4	125,0	6.789	2,6
Pais Vasco	14.121	21.273	117,7	123,8	7.152	6,2
A Ríoxa	13.715	18.466	114,3	107,5	4.751	-6,8
Ceuta	11.121	19.676	92,7	114,5	8.555	21,9
Melilla	11.313	17.782	94,3	103,5	6.469	9,2
Total	11.999	17.177	100	100	5.178	

Fonte: Funcas

1.4.3.**Converxencia coa media europea**

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou en 2006 (último ano dispoñible) un importante crecemento, acadando un PIB per cápita equivalente ao 86,5% da media da UE-27 (104,1% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia segue sendo a cuarta comunidade co menor índice, superando novamente a Extremadura (70,6%), Andalucía (80,8%) e Castela-A Mancha (81,1%).

Os datos recollidos no **cadro 1.4.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora en case once

puntos entre os anos 2000 e 2006 (4,2 puntos máis que no conxunto do Estado).

A provincia de A Coruña, que é quen presenta a maior aproximación á media comunitaria, rexistra sempre valores superiores aos do conxunto da comunidade autónoma. Tras unha medra de 12,3 puntos porcentuais entre os dous extremos da serie considerada, o seu PIB por habitante se sitúa no 90,3% da media dos vinte e sete países da UE. Séguelle Pontevedra, que tras unha mellora superior aos nove puntos, acada o 86,6% da media europea. O PIB per cápita na provincia de Lugo ascende ata o 84,3% da media da UE (12 puntos máis que ne 2000), en tanto que o de Ourense supera por primeira vez o 75% da media (75,5% en 2006). ■

